



PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE ALLARIZ (PECHA)

BORRADOR

Expediente 354/2021

ALFONSO BOTANA S.L. (B-70531595)

r/ Simón Bolívar 39 baixo (local 10), 15011 A Coruña

T. 981 107 546 - estudio@alfonsobotana.gal

INDICE XERAL

DOC 01.- MEMORIA XUSTIFICATIVA DOS SEUS FINS E OBJECTIVOS, ASÍ COMO DAS SÚAS DETERMINACIÓNS

PARTE I INFORMATIVA

PARTE II XUSTIFICATIVA

DOC 02.- PLANOS DE INFORMACIÓN

DOC 03.- PLANOS DE ORDENACIÓN

DOC 04.- DOCUMENTO DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	5
2 OBOECTIVOS DO PECHA	5
2.1 OBOECTIVOS XERAIS	5
2.1.1 Valores arquitectónicos.....	6
2.1.2 Valores arqueolóxicos.....	6
2.1.3 Valores urbanísticos.....	6
2.1.4 Valores paisaxísticos.....	7
2.2 OBOECTIVOS AMBIENTAIS	9
3 DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN	11
4 ALCANCE, CONTIDO E ALTERNATIVAS DO PECHA	12
4.1 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO	12
4.2 CONTIDO DO PLAN	14
5 ANÁLISE DE ALTERNATIVAS.....	18
5.1 ALTERNATIVA 0	18
5.2 ALTERNATIVA 1	20
5.3 ALTERNATIVA 2	21
5.4 VALORACIÓN COMPARATIVA ENTRE ALTERNATIVAS	21
6 CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL	23
6.1 CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO	23
6.1.1 TOPOGRAFÍA	23
6.1.2 XEOLOXÍA	23
6.1.3 HIDROGRAFÍA.....	24
6.1.4 CLIMA.....	25
6.1.5 ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN	26
6.1.6 FLORA E FAUNA.....	27
6.2 USOS DO SOLO	28
6.3 PAISAXE.....	30
6.3.1 Unidades de paisaxe	31
6.3.2 Elementos da paisaxe.....	31
6.3.3 Dinámicas	32
6.3.4 Valoración	33
6.3.5 Visibilidade estratéxica	37
6.4 RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS	38
6.4.1 Risco de inundación	38
6.4.2 Risco de incendio	39
6.4.3 Risco de contaminación das augas.....	39
6.4.4 Risco sísmico	40
6.5 MEDIO SOCIOECONÓMICO	40
6.5.1 Demografía	40
6.5.2 Actividades económicas	43
6.6 ESTRUTURA URBANA.....	44
6.6.1 Comunicacions, tráfico e mobilidade	44
6.6.2 Infraestruturas de servizos urbanísticos	45
6.6.3 Dotacións de espazos libres.....	46
6.6.4 Dotacións de equipamento	46
6.6.5 Edificacións	47

7 EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES	47
7.1 PAISAXE.....	48
7.2 PATRIMONIO NATURAL.....	48
7.3 PATRIMONIO CULTURAL	48
7.4 OCUPACIÓN DO TERRITORIO	49
7.5 CICLO HÍDRICO	49
7.6 SOCIEDADE E ECONOMÍA	49
7.7 ENERXÍA.....	50
7.8 ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO.....	50
7.9 MOBILIDADE	50
7.10 CICLO DE MATERIAIS	50
8 EFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS AFECTADOS	50
8.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO	50
8.2 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO	52
8.3 DIRECTRICES E CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA	52
8.4 PLANEAMENTO VIXENTE.....	55
8.5 PLAN DE RECUPERACIÓN DO SAPOCONCHO COMÚN EN GALICIA (EMYS ORBICULARIS L)	55
8.6 PLAN HIDROLÓXICO	55
9 MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA	56
10 RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS	57
11 MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIXIR OS EFECTOS NEGATIVOS PREVISTOS	58
11.1 PAISAXE.....	58
11.2 PATRIMONIO NATURAL	59
11.3 PATRIMONIO CULTURAL	60
11.4 OCUPACIÓN DO TERRITORIO	60
11.5 ENERXÍA.....	60
11.6 CICLO HÍDRICO	60
11.7 ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO	61
11.8 MOBILIDADE.....	61
11.9 CICLO DE MATERIAIS	61
12 MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMENTO.....	62
ANEXO PLANOS	
ALTERNATIVA 0	
ALTERNATIVA 1	
ALTERNATIVA 2	

DOC 07.- DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO

1 INTRODUCCIÓN

O presente documento constitúe o DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO PLAN ESPECIAL DO CONXUNTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO AO CASCO HISTÓRICO DE ALLARIZ (no sucesivo, PECHA) de conformidade coas disposicións contidas na Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O Plan Especial é de iniciativa pública, promovido polo Concello de Allariz, que considerou necesario proceder á revisión do PECHA vixente, aprobado definitivamente no ano 1995, co obxectivo de axustalo ao novo marco xurídico, en particular á Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante LSG), e á Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.

2 OBXECTIVOS DO PECHA

2.1 OBXECTIVOS XERAIS

Na Memoria Xustificativa das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal de Allariz, aprobadas definitivamente o 11 de Marzo de 1994, e concretamente na relación dos Obxectivos Xerais a perseguir, polo planeamento, apartado 6º) parágrafo b), sinalábase:

"A conservación e rehabilitación do patrimonio material e cultural do pobo: único xeito de conservación das raigañas comunitarias. Este obxectivo ven supoñer-la necesidade, entre outras, de conservación, mellora e, no seu caso, reemprego dos conxuntos históricos e artísticos, das construcións históricas de carácter senlleiro, dos xacementos arqueolóxicos, do patrimonio etnográfico, da arquitectura popular, etc."

O Conxunto Histórico de Allariz, é un dos conxuntos históricos máis importantes de Galicia, coma pon de relevo a Declaración feita pola administración hai xa máis de vinte anos, por medio do Decreto 1319/71, de 20 de Maio.

Para a correcta aplicación do Obxectivo recollido na Memoria das N.S.M.A, tendo en conta o que a respecto dos Bens de Interese Cultural di a lexislación vixente: Lei do Patrimonio Histórico Español, Texto Refundido da Lei do Solo, etc., é precisa a formulación, aprobación e execución dun Plan Especial de Protección que regule de xeito pormenorizado os usos do solo e a edificación en todo o ámbito do Conxunto de que se trate.

Posteriormente, no ano 2003 aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Allariz (PXOM) que, mantendo os principais obxectivos marcados polas Normas configurouse para corrixir as carencias detectadas tras o desenvolvemento das Normas e poder adaptalo ás novas necesidades do municipio que permiten seguir impulsando o desenvolvemento económico e manter os criterios de sostibilidade que tan bos resultados estaban dando.

A revisión do PECHA debe dar un paso máis no obxectivo básico do documento orixinal, que perseguía facer realidade a compatibilización entre o deber de conservación do patrimonio de todo tipo que encerra o ámbito, coa mellora, perfeccionamento e desenvolvemento urbanos desta singular peza. A revisión do PECHA debe pular pola mellora da compatibilización que sen lugar a dúbidas ten acadado o plan especial obxecto de revisión.

A revisión do PECHA continúa a considerar á Natureza e á Historia de Allariz non só como sinais de identidade deste pobo, senón tamén como o seu recurso económico fundamental, non só actual, senón tamén do futuro. As determinacións do novo PECHA apostarán pola mellora continua das condicións de vida (tanto do nivel como da calidade) da poboación, mediante o diálogo e as comunicacións co resto da vila e do concello.,

2.1.1 Valores arquitectónicos

A conservación do patrimonio arquitectónico do ámbito é o obxectivo fundamental de todo instrumento de planeamento destinado á protección. Por tanto, a revisión do PECHA ha de manter o respecto pola estrutura urbana, a escala e as proporcións das intervencións xa executadas, de tal xeito que as novas propostas harmonicen co entorno.

Neste sentido, estudarase polo miúdo os datos de partida, o inventario e catalogación outorgada a cada unha das edificacións existentes polo documento anterior, e estableceranse as medidas necesarias para garantir a recuperación da totalidade do patrimonio edificado. Polo tanto, é necesario adaptar e flexibilizar a normativa urbanística para fomentar e facilitar intervencións de rehabilitación de edificios e vivendas en zonas menos concorridas como o bordo do monte do Castelo.

2.1.2 Valores arqueolóxicos

Os elementos integrantes do patrimonio arqueolóxico no ámbito (Castelo e Necrópole da Igrexa de Santiago), foron recollidos nos diferentes instrumentos de planeamento cos que a vila se ordenou, e neles están as orixes da vila, polo precisan dunha especial atención para evitar a perda da identidade do pobo. Por tanto, o PECHA non só debe limitarse a realizar unha delimitación dos bens segundo os antecedentes de planeamento, senón que debe realizar un afondamento cronolóxico na historia, recompilando a información relevante sobre os mesmos e propoñendo as medidas necesarias que garantan a total protección dos mesmos e o seu artellamento coa realidade urbana que os arrodea.

O Castelo constitúe un grande miradoiro sobre o núcleo urbano e sobre todo o termo municipal. Necesita por tanto, previo control arqueolóxico, mellorar os seus accesos, acondicionar os espazos de contemplación e protexer a visión das traseiras das edificacións existentes na rúa Vilanova.

2.1.3 Valores urbanísticos

A forma de vida do C.H. debe resultar atractiva para a poboación actual e tamén para a futura. O PECHA vixente apostou pola posta en valor dos espazos emblemáticos do ámbito, obxectivo amplamente cumprido, mais compre agora levar esa posta en valor ata cada

recuncho do C.H., non só no marco das dotacións de espazos libres, zonas verdes e equipamentos, senón tamén no das infraestruturas viarias e de servizos.

Desde unha perspectiva sostible, o urbanismo proposto no cesa neste punto, senón que procurará a eficiencia enerxética das instalacións, a dinamización e diversificación da economía, a mobilidade sostible, a accesibilidade universal, o control do ruído, os procesos participativos no deseño dos espazos, e o coidado da paisaxe urbana, do que se avanza pinceladas no seguinte apartado.

2.1.4 Valores paisaxísticos

O C.H. de Allariz non só é historia edificada, senón que tamén é natureza transformada polo home para o aproveitamento económico e para o lecer.

O Campo da Barreira ou da Feira, constitúe un grande espazo de aparcadoiro na maioría dos días da semana (outros serve de acubillo para a feira tradicional). Trátase dun espazo pouco habitual nos conxuntos históricos pero que dialoga coas dimensións do Convento de Santa Clara. É un espazo necesario, pero que precisa dunha restauración desde parámetros de integración paisaxística, conservando o espazo pero cun pequeno incremento do arboredo actual, maior definición dos espazos designados para cada tipo de tráfico con elementos vexetais e se acaso compactando o firme existente con algo de cal e zahorra, etc.

Ademais, a contorna da Igrexa de San Bieito atópase ameazada pola edificacións de vivenda colectiva situadas na súa parte posterior. Dada a escasa distancia á que se sitúan, unicamente pode preverse a súa mitigación coa creación dunha pantalla arbórea.

En resumo, os principais obxectivos do PECHA son os seguintes:

a) IMPLEMENTAR UN MODELO DE MOBILIDADE SOSTIBLE.

Esta liña de acción fomenta a mobilidade urbana sustentable mediante o desenvolvemento de melloras na rede viaria que favorezan o transporte ciclista e peonil, e que faciliten a permeabilidade nas vías do transporte público, apoiando así a transición a unha economía baixa en carbono neste sector, afrontando o reto do cambio climático. Estas medidas deben ir acompañadas necesariamente de programas educativos e de concienciación que prioricen o desprazamento peonil e ciclista, así como o colectivo.

Dentro desta liña de acción teñen cabida actuacións de peonalización da Rúa Aceñas, Rúa Nova, Camiño do Cemiterio ou Traseira Socastelo.

b) REHABILITACIÓN INTEGRAL ENERXÉTICA DE EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS E RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS

Esta liña de acción baséase no desenvolvemento de programas de optimización enerxética dos edificios municipais que contemplará medidas tales como: a mellora das medidas do illamento e a envolvente térmica das instalacións, a substitución de elementos de climatización, a renovación do sistema de iluminación por lámpadas tipo led ou de baixo consumo, a modificación das instalacións de auga quente sanitaria e outros equipos por sistemas de enerxías renovables e de eficiencia enerxética. En definitiva, esta liña de

actuación engloba operacións de diferente tipoloxía que deben contemplar unha planificación homoxénea e articulada sobre a realidade municipal baseada en auditorías enerxéticas; unhas intervencións físicas sobre equipamentos e espazos públicos; e, a posta en común e difusión dos resultados obtidos. Finalmente, contéplanse operacións de difusión e sensibilización cara a este tipo de intervencións de eficiencia enerxética, de maneira que se visibilice o impacto tanto de aforro como de sustentabilidade logrado e impúlsese a toma de medidas similares no ámbito privado.

c) MELLORAR A CONTORNA A TRAVÉS DA RECUPERACIÓN DE ESPAZOS URBANOS DEGRADADOS E POSTA EN VALOR DE ZONAS VERDES PARA A REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN

Esta liña de acción fundaméntase no desenvolvemento de operacións cuxo obxectivo sexa a intervención física para a rexeneración de determinadas áreas urbanas degradadas ambientalmente como pode ser o Campo da Feira. A participación cidadá, fundamental na elaboración do PECHA, será fundamental nesta liña de acción posto que será a cidadanía a través dos distintos órganos de participación propostos, quen decida finalmente o alcance e a selección da intervención que se realice naqueles espazos das zonas urbanas degradadas. As intervencións realizaranse desde un punto de vista de sustentabilidade, utilizando técnicas innovadoras para converter o espazo nunha contorna bioclimática. Finalmente, tamén debe contemplar operacións dirixidas á sensibilización ambiental da poboación usuaria destes espazos rehabilitados.

Asemade, nesta liña de acción teñen tamén cabida actuacións de rexeneración de certas rúas do C.H. de Allariz para a redución da contaminación acústica.

d) PROMOCIÓN DE PROXECTOS DE INTEGRACIÓN SOCIAL PARA FORTALECER A COHESIÓN DA COMUNIDADE DO C.H.

A loita contra a pobreza, a promoción da inclusión social e a xestión da diversidade debe implicar ao conxunto da cidadanía, administracións e recursos técnicos con incidencia no territorio. En contextos cada vez máis complexos imponse a necesidade de intervencións de carácter integral e comunitaria, sendo elemental a promoción da corresponsabilidade e a participación de todos os actores sociais. É por iso que se expón esta liña de actuación, para converter a Allariz nunha cidade mediadora e de convivencia ao redor da cal se traballen os elementos que sexan requiridos para lograr un territorio socialmente responsable. Non pode haber desenvolvemento en Allariz sen combater a exclusión social. Así pois, esta liña de acción propón potenciar as ferramentas de intervención comunitaria das que xa se comprobou a súa eficiencia noutros proxectos, ás que hai que sumar outras ferramentas clave como a dinamización sociocultural, a identidade territorial, memoria histórica, formación e capacitación.

e) FOMENTO DA CREACIÓN DE EMPREGO E REHABILITACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO E COMERCIAL

Esta liña de acción está composta por operacións destinadas á creación de emprego e á reactivación da actividade empresarial e comercial no C.H.

2.2 OBXECTIVOS AMBIENTAIS

A continuación, enuméranse as variables ambientais sobre as que as determinacións do PECHA propostas teñen algún efecto e os obxectivos propostos para acadar unha planificación sustentable.

CADRO Nº 1.- OBXECTIVOS AMBIENTAIS DA PLANIFICACIÓN

VARIABLES E OBXECTIVOS		CRITERIOS
PAISAXE	Favorecer a integridade paisaxística.	- Manter as súas invariantes históricas, tipolóxicas e ambientais, preservando a súa imaxe tradicional pero, mellorando e conservando a súa calidade ambiental. - Analizar e integrar a compoñente paisaxística en todas as escalas de desenvolvemento do PECHA - Establecer medidas para a integración visual e paisaxística do ámbito en canto a usos, materiais, volume, texturas, etc., adecuando as actuacións previstas ás características do medio. - Regular as condicións tipolóxicas, de aproveitamento e ocupación da edificación. - A tipoloxía das operacións de rehabilitación axustarase á composición dos espazos e volumes externos, existentes na área, seguindo as pautas da Guía de cores e materiais de Galicia.
PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	- Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais. - Conservación, Rehabilitación e Revalorización do patrimonio cultural	- Catalogar o patrimonio edificado, dos espazos libres, dos elementos urbanos e naturais a protexer. - Recuperar elementos patrimoniais existentes tanto naturais como construídos e elaborar un catálogo de elementos da arquitectura e do territorio, tipificando e regulando as condicións para a súa aplicación en novas construcións ou intervencións existentes. - Valorizar as calidades identitarias do lugar e establecer as súas zonas de afección e as medidas para a súa restauración, rehabilitación e conservación. - Integrar todos os elementos patrimoniais nas actuacións sen alterar as súas características, o carácter paisaxístico da súa contorna nin perturbar a súa contemplación. - Procurar a compactidade e integración. - Evitar a formación de barreiras e fomentar a conectividade e permeabilidade desde un punto de vista ecolóxico, funcional (transporte e mobilidade) e visual (cara o río e cara fondos escénicos). - Adecuar os espazos libres ás zonas de protección ambiental, aos elementos de valor cultural e cara outros espazos libres e zonas verdes.

OCUPACIÓN DO TERRITORIO	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente minimizando a ocupación do solo	- Priorizar o espazo público sobre o privado e garantir espazos libres de calidade. - Evitar a edificación en posicións dominantes sobre a costa. - Naturalizar o tratamento dos espazos destinados á urbanización. - Estructurar e rematar as tramas existentes. - Pular pola máxima diversidade de usos. Establecer unha zonificación axeitada de usos, logo da análise sobre as necesidades do asentamento e unha definición precisa da compatibilidade de usos. - Promover un cambio de uso, ao revalorizarse o valor comercial da zona, de almacéns e locais baleiros por usos artesanais e comerciais.
CICLO HÍDRICO	- Procurar o mantemento do bo estado dos recursos hídricos, e garantir a funcionalidade dos ecosistemas ligados ao medio acuático. - Minimizar o consumo de recursos e garantir o ciclo natural da auga	- Garantir a non afección daqueles espazos ligados ao río Arnoia para o que se delimitará a súa zona de protección e regularán as actuacións que se podan desenvolver nas zonas de servidume e de policía. - Estudar a capacidade e o estado dos recursos hídricos para cubrir as demandas dos servizos de abastecemento e saneamento. - Establecer medidas que garantan a optimización e redución do consumo do recurso hídrico.
SOCIEDADE E ECONOMÍA	- Contribuír a unha contorna saudable, favorecer a cohesión social e mellorar a calidade de vida e a habitabilidade. - Potenciar os recursos locais.	- Xerar espazos que propicien a cohesión social, melloren a calidade de vida e contribúan á fixación de poboación. - Prever dotacións públicas. - Promover a complexidade funcional en canto a usos e equipamentos e dotacións públicas. - Mellorar as condicións hixiénicas e de habitabilidade das vivendas.
ENERXÍA	Minimizar o consumo enerxético	- Adecuar a planificación aos recursos dispoñibles e previstos, garantindo a viabilidade do subministro e procurando a conexión das novas redes coas existentes. - Integrar o concepto de eficiencia enerxética no ámbito do PECHA.

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO	Minimizar as emisións atmosféricas	- Regular a implantación de actividades que poidan supoñer un incremento nas emisións contaminantes, co obxecto de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos - Considerar a zonificación acústica na ordenación e establecer medidas de cara a minimizar os efectos das emisións acústicas. - Establecer as medidas necesarias de cara á redución da contaminación luminosa - Reordenar o viario para establecer unha zonificación que reduza o tempo dos desprazamentos de mobilidade obrigada e promova os desprazamentos peonís.
MOBILIDADE	Pular pola redución das necesidades de mobilidade, a mellora da accesibilidade, seguridade e o equilibrio modal.	- Definir e detallar a rede viaria mediante trazado de aliñacións. - Xerarquizar e regular a sección transversal do viario tendo en conta as prioridades nos modos e formas de mobilidade e a súa correlación co tipo de vía. - Recuperación de certos viarios novos, ou pasaxes que co tempo tapiáronse con algunhas construcións auxiliares. - Restringir o tráfico rodado aos mínimos que permita o correcto funcionamento do conxunto, conseguindo unha zona peonil privilexiada. - Creación dunha Ordenanza de carga e descarga con horarios compatibles para peonalizar do centro, por parte do Concello. - Favorecer o uso peonil do interior do casco convidando a deixar vehículos para permitir o seu percorrido en escaso espazo de tempo, dada a escasa dimensión das rúas e do mesmo.
CICLO DE MATERIAIS	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos. Minimizar a xeración de residuos	- Garantir a capacidade de recollida e xestión dos residuos urbanos no ámbito - Regular as actividades e procesos construtivos para reducir a xeración de residuos e para fomentar a súa recollida selectiva, reutilización e reciclaxe. - Establecer medidas para fomento da rehabilitación de edificios.

3 DESENVOLVEMENTO PREVISIBLE DO PLAN

De conformidade co artigo 46 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), e co art. 81 do seu regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), o plan especial deberá someterse en principio a avaliación ambiental estratéxica simplificada, sen prexuízo da potestade do órgano ambiental de decidir sometelo a avaliación ambiental estratéxica ordinaria.

O PECHA será tramitado ao abeiro da lexislación urbanística autonómica, en particular,

segundo o disposto no artigo 75.1 da Lei do solo de Galicia.

Antes de iniciar a tramitación do Plan, os servizos técnicos municipais e as empresas subministradoras deberán informalo sobre a suficiencia das infraestruturas e dos servizos existentes e previstos (art. 185 do RLSG).

En cumprimento da Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental, o PECHA remitirase como solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada ao órgano substantivo, a fin de determinar a necesidade ou non do seu sometemento ao proceso de avaliación ambiental ordinaria.

A tal efecto con carácter previo a súa aprobación inicial realizaranse os seguintes trámites:

- O promotor remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que achegará o borrador do plan e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.
- O órgano ambiental, no prazo de catro meses, contados desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar as administracións públicas afectadas e as persoas interesadas por un prazo de dous meses.

O órgano ambiental, tendo en conta o resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se o PECHA ten ou non efectos significativos no medio. No caso de non prever efectos significativos, o plan poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

De non ser así, o Plan deberá seguir o tramite de avaliación ambiental estratéxica ordinaria segundo o disposto no artigo 46.1 da LSG e o establecido no artigo 60, apartados 2,3,4,5,8,9,10,11 e 12.

Tras a aprobación do PECHA a inversión prevista executarase por fases programadas segundo a estratexia de actuación que o plan defina para a súa posta en funcionamento.

4 ALCANCE, CONTIDO E ALTERNATIVAS DO PECHA

4.1 DELIMITACIÓN DO ÁMBITO

O municipio de Allariz sitúase na metade occidental da provincia de Ourense formando parte da comarca de Allariz-Maceda.

O territorio municipal abrangue unha superficie de 86Km² que se reparten en 16 parroquias con 92 núcleos de poboación e a vila capital na que se inclúe o Conxunto Histórico-Artístico de Allariz, declarado BIC.

Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio o núcleo de Allariz constitúe un dos 26 Nodos para o equilibrio do territorio distribuídos por todo o territorio capaces de acoller funcións urbanas básicas, garantir o acceso da poboación rural aos servizos que a sociedade actual require e para proporcionar unha estrutura de poboamento viable, xestionar o territorio e aproveitar as oportunidades existentes nel. Estes Nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.

O Conxunto Histórico-Artístico (C.H.A) está dominado por un promontorio de 493 metros de altura nas marxes do río Arnoia de onde xurdiu a vila tras o levantamento dun poboado castrexo fai máis de 2.000 anos.

A Declaración de Conxunto Histórico-Artístico feita por Decreto 1319/71, de 29 de maio non conleva un ámbito definido, un perímetro pechado, senón que consistiu no sinalo dos elementos ou bens definitorios e conformadores dese Conxunto.

A partir de ahí, o criterio seguido para fixa-la Delimitación concreta do ámbito propio do Conxunto Histórico-Artístico, por parte das N.S.M.A. non foi outro co de converter en perímetro o que de seu xa o forma.

O conxunto urbano así delimitado polo PECHA acadaba unha superficie total aproximada 289.000 m².

Porén, o presente documento considera necesario ampliar o mesmo no bordo sur do río Arnoia, co obxectivo de incorporar a edificación de información turística e a pontella de madeira que comunica Torre Lombarda coa fábrica de coiros, acadando unha superficie final de 293.837,05m².

O ámbito limita polo norte coas marxes do río Arnoia, polo sur o límite o forma a rúa Emilia Pardo Bazán, polo leste o Convento de Santa Clara co campo da Barreira e a rúa das Aceñas cara o río, mentres que polo oeste o límite o forman o paseo da Alameda e o río.



Delimitación do ámbito

4.2 CONTIDO DO PLAN

Segundo a vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), e do seu regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), no seu artigo 179, “os plans especiais de protección teñen por obxecto preservar o medio ambiente, as augas continentais, o litoral costeiro, os espazos naturais, as vías de comunicación, as paisaxes de interese, o patrimonio cultural e outros valores análogos” (artigo 71.1 da LSG).

As diferentes perspectivas que se integran na figura do Plan Especial, tal e como esta plantexada pola lexislación urbanística, fan deste un instrumento capaz de permitir unha intervención que incida nas bases dos procesos patolóxicos que ameazan ao patrimonio e aos conxuntos históricos, desenvolvendo unha figura flexible de planeamento especial de detalle que se acomoda á intervención máis directa, en relación aos aspectos de ordenación, protección, rehabilitación e mellora do medio.

Neste caso, os plans especiais cuxo obxecto sexa protexer os ámbitos do territorio declarados como bens de interese cultural conterán as determinacións exixidas pola lexislación sobre patrimonio cultural e o catálogo previsto no artigo 81 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 196 deste regulamento (artigo 71.3 da LSG).

O contido dos Plans Especiais regúlase no artigo 184 do RLSG:

“...

Artigo 184: Documentación dos plans especiais

1. Con carácter xeral, e sen prexuízo do disposto nos artigos 181.3 e 182.2, respecto da documentación dos plans especiais de reforma interior, as determinacións ás cales se refiren os artigos anteriores concretaranse nos documentos seguintes:

a) Memoria, que se dividirá en:

a.1) Parte informativa, que recolla os datos e as referencias precisas para a delimitación do ámbito de actuación e a definición das súas características concretas.

a.2) Parte xustificativa, que estableza a conveniencia e oportunidade de redacción do plan especial de que se trate, dos seus obxectivos e determinacións, así como o cumprimento da normativa sectorial e urbanística, e a súa coherencia co plan xeral de ordenación municipal, cando exista, e cos instrumentos de ordenación do territorio.

b) Relación das persoas titulares dos terreos afectados polo plan especial segundo datos catastrais.

c) Estudos complementarios necesarios en función da súa finalidade.

d) Planos de información a escala adecuada.

e) Planos de ordenación a escala adecuada.

f) Ordenanzas de edificación e usos do solo, cando se trate de plans especiais de reforma interior.

g) Normas de protección, cando se trate de plans especiais desta natureza.

h) Normas técnicas e parámetros da edificación aos cales deban axustarse os proxectos técnicos, cando se trate de desenvolver sistemas xerais ou obras de infraestruturas de comunicación e de servizos, ou en calquera outro caso que se considere necesario.

i) Avaliación económica da implantación dos servizos e da execución das obras de urbanización, incluíndo a conexión aos sistemas xerais e, se é o caso, as obras de ampliación ou reforzo deles.

O plan especial incluírá, dentro do estudo económico, unha memoria de viabilidade económica, en termos de rendibilidade, cando así o exixa a lexislación estatal e co contido sinalado nela.

j) Catálogo, se é o caso, de conformidade co establecido nos artigos 195 a 198.

Sen prexuízo das medidas protectoras que os plans xerais e os instrumentos de ordenación do territorio establezan, poderanse incluír nos catálogos dos plans especiais relación de bens concretos que, situados en calquera clase de solo, deban ser obxecto de conservación e mellora, sempre que formen parte do ámbito do plan especial de que se trate.

2. A documentación dos plans especiais terá o grao de precisión adecuado aos seus fins.

3. As modificacións que os plans especiais introduzan respecto da ordenación detallada xa establecida polo planeamento xeral xustificaranse adecuadamente na documentación do plan especial, de acordo co establecido nos artigos 157 e 158."

O primeiro paso que se propón o PECHA para a preservación do patrimonio cultural do conxunto histórico parte da pormenorizada catalogación do patrimonio edificado, dos espazos libres, dos elementos urbanos e naturais a protexer, mediante a identificación de aqueles elementos e caracteres significativos que constitúen a estrutura máis profunda da morfoloxía urbana dun ámbito caracterizado pola súa heteroxeneidade.

No segundo aspecto fachadas, escenarios públicos, volumes, etc, lógrase a través dunhas Ordenanzas que regulen o control de alturas, onde sexa posible, para manter unha imaxe coherente e harmoniosa do conxunto, conservando a súa escala e controlando que non se altere a percepción que se tiña dos distintos espazos nin da visualización do conxunto como elemento de identificación.

Dentro de esta faceta interveñen outros elementos como texturas, cores e materiais, que dan o seu carácter tamén ao casco e que deben ser controlados nas ordenanzas.

As liñas de acción establecidas polo PECHA apostan pola mellora da calidade das dotacións, no canto da cantidade dos mesmos. É por iso que a actuación prioritaria na revisión do PECHA é a recuperación do Castelo para o uso e disfrute da poboación, a través dun instrumento específico que ademais, garanta a súa protección.

Nunha segunda orde, sitúanse as pequenas melloras de arboredo e pavimentado do Campo da Feira, de substitución de pavimento na Rúa Aceñas, a Carreira dos Caños, Rúa do Couto e Praza Doña Violante ou mellora do existente na Rúa Sur, así como de medidas de integración nos arredores da igrexa de San Bieito.

Sobre o tecido edificado, propónse a revisión de pequenos ámbitos colindantes cos usos

agrarios ao norte, nunca ocupados por edificacións residenciais e noutra por parcelas baleiras con enorme potencial. Mais o atractivo desta zona debe completarse coa mellora da pavimentación dos seus accesos sobre a Rúa Nova, Camiño do Cemiterio ou Traseira Socastelo.

En síntese, e na relación coas liñas de acción propostas con anterioridade, a orde de prioridades sería a contida no seguinte cadro:

LIÑA DE ACCIÓN	ORDE DE PRIORIDADES		
	P	C	F
MEDIDAS DIRIXIDAS Á IMPLEMENTACIÓN DUN MODELO DE MOBILIDADE SOSTIBLE (Peonalizacións, pavimentacións)			
REHABILITACIÓN INTEGRAL ENERXÉTICA DE EQUIPAMENTOS MUNICIPAIS E RENOVACIÓN DAS REDES DE SERVIZOS			
MELLORA DA CONTORNA A TRAVÉS DA RECUPERACIÓN DE ESPAZOS URBANOS DEGRADADOS E POSTA EN VALOR DE ZONAS VERDES PARA A REDUCCIÓN DA CONTAMINACIÓN (O Castelo, Campo da Feira, espazos agrarios)			
PROMOCIÓN DE PROXECTOS DE INTEGRACIÓN SOCIAL PARA FORTALECER A COHESIÓN DA COMUNIDADE DO C.H (recurso residencial temporal)			
FOMENTO DA CREACIÓN DE EMPREGO E REHABILITACIÓN DO TECIDO PRODUTIVO E COMERCIAL (formación)			


a) INTERVENCIÓNS ESTRATÉXICAS. PROTECCIÓN DA PAISAXE E DAS VISUAIS.

A proposta de intervención no interior do C.H. non supón necesidade de protección algunha, pois en todo caso, contribúe a mellorar paisaxisticamente o conxunto. Porén, logo de analizados os encontros do ámbito coa periferia que o rodea, cóidase que as necesidades de intervención son mínimas: sobre a traseira da Igrexa de San Bieito, e entre as vivendas de Vilanova e o alto do Castelo.

b) ESTRATEXIAS PARA A DINAMIZACIÓN SOCIO-ECONÓMICA DO CASCO HISTÓRICO.

Propónse a realización dunha labor de campo que incorpore reunións cos principais axentes sociais, nos que realizar entrevistas para coñecer as principais dificultades de primeira man. Deste xeito estase a implicar e a lograr a cooperación de tódolos axentes sociais, desde empresas ata asociacións de comerciantes, hostaleiros, e veciñanza, aspecto fundamental para calquera estratexia de dinamización.

Destes grupos de traballo obterase a problemática detectada, pero tamén xurdirán multitude de propostas e solucións a ditos obstáculos, e conseguírase asemade, recuperar a motivación da poboación para traballar por e para o seu pobo. Xurdirá por tanto un novo modelo de Conxunto Histórico, un modelo SOSTIBLE.



A partires deste modelo, e en colaboración cos axentes implicados, poderán desenvolverse distintos plans de acción a nivel cultural, medioambiental, turístico, urbanístico e de vivenda, social, ou de economía e comercio, e que poden facer que a orde de prioridades inicial se vexa substancialmente modificada.

c) TRATAMENTO E/OU MELLORA DA MOBILIDADE, DAS REDES DE INFRAESTRUTURAS E DOS SERVIZOS URBANÍSTICOS

Da memoria informativa despréndese a necesidade de acometer certos cambios na ordenación viaria, nos accesos ao interior do C.H. unicamente para vehículos de carga ou pequenas intervencións puntuais.

Asemade, estudaranse melloras viarias e adecentados puntuais en zonas menos transitadas como a Rúa Aceñas, a Carreira dos Caños, Rúa do Couto e Praza Doña Violante, (nos que se valorará a substitución do asfaltado por pavimentos pétreos) ou o Camiño do Castelo. Trátase de pequenas intervencións compatibles coa escala urbana na que se sitúan.

Respecto da movilidade alternativa, propóñense unha serie de medidas que forman un conxunto das seguintes medidas: Organización das rúas interiores para a convivencia de ambas mobilidades, preparación das actuais sendas peonís para ser aptas para cicloturismo, definición de carrís ciclistas, etc, co obxectivo de alcanzar algúns dos puntos máis lonxanos, como a piscina municipal e o complexo deportivo da Praia Fluvial, onde a mobilidade motorizada e susceptible de ser substituída.

Respecto da estación intermodal que Allariz posúe na rúa Emilia Pardo Bazán, na actualidade responde unicamente a mobilidade en autobús, sen conexión con outros medios de transporte.

En Allariz existe unha necesidade de mobilidade obrigada, que é especialmente importante con Ourense e os concellos limítrofes deste (especialmente os comprendidos entre ambos) como se pode comprobar nos datos de mobilidade por posicionamento telefónico de INE. Se

combinamos isto co gran espazo co que conta a estación de autobuses, preséntase unha oportunidade para promover unha estación intermodal. Ademais, débese salientar que de maneira tácita pero contrastada, o Campo da Feira emprégase como aparcadoiro, polo que pode actuar de maneira combinada coa estación, proporcionando aparcadoiros fáciles.

Allariz non conta con mobilidade ferroviaria nin marítima, polo que a única mobilidade que se pode combinar é o transporte alternativo. Por iso, seguindo unha serie de medidas extraídas do Plan Sectorial de Aparcadoiros Disuasorios e do Plan Director de Mobilidade Alternativa de Galicia, propónse o seguinte:

- Creación de aparcabicicletas no seo da estación. Deberán ser de dúas tipoloxía: abertos, para estacionamentos curtos, e pechados, para longos estacionamentos, que serán vixiados e o seu uso deberá ser xestionado polo ente municipal.
- Creación de prazas reservadas para car-pool cun control correcto no seu uso a través do ente municipal.
- Prazas para recarga de bicis eléctricas e/ou patinantes eléctricos.
- Entrada segregada para autobuses e bicicletas ou patinetes.

As actuacións físicas respectivas a infraestrutura, superestrutura e edificacións, deberán ser harmoniosas co ámbito e estar integradas na tipoloxía arquitectónica no maior grao posible.

Especial importancia teñen tamén as redes de abastecemento e saneamento no Conxunto Histórico, compostas de elementos antigos que necesitan de importantes actuacións tralos problemas que están a ocasionar nos últimos anos, especialmente no entorno de A Barreira e do Convento de Santa Clara.

Nos casos nos que se interveña na rede de saneamento, e segundo a lonxitude a acometer, proporase a disposición de rede separativa.

Respecto das redes eléctricas e de telecomunicacións, continuarase apostando pola supresión do cableado aéreo como xa prevía o PECHA orixinal, e establecerase a obriga, cando o soterramento non sexa viable por razóns técnicas ou de salvagarda do patrimonio existente, da súa ocultación en fachada.

5 ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Para alcanzar os obxectivos da planificación analizáronse varias opcións que se plasmaron en diferentes alternativas.

No presente apartado valorase como alternativa 0 o mantemento da situación actual, sen intervir no ámbito do PECHA, e comparase con dous escenarios posibles resultantes do desenvolvemento do plan especial (alternativa 1 e alternativa 2).

5.1 ALTERNATIVA 0

O desenvolvemento do Plan especial do Casco Histórico foi un dos exemplos da acertada política urbanística e territorial que se desenvolveu no municipio a partir dos anos 90 e que levou

a Allariz a ser galardoado en 1994 co Premio de Urbanismo da Unión Europea polo proxecto de ordenación e recuperación do conxunto histórico e do seu río, a obtención no ano 2000 da cualificación GOOD sobre boas prácticas para a mellora da contorna urbana por parte do Centro de Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos, e tamén a ser seleccionado para formar parte da Reserva da Biosfera de Allariz que foi declarada pola UNESCO no ano 2005.

Posteriormente, no ano 2003 aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Allariz (PXOM) que, mantendo os principais obxectivos marcados polas Normas configurouse para corrixir as carencias detectadas tras o desenvolvemento das Normas e poder adaptalo ás novas necesidades do municipio que permiten seguir impulsando o desenvolvemento económico e manter os criterios de sostibilidade que tan bos resultados estaban dando.

O PXOM establece unha serie de criterios xerais de ordenación relativos ás infraestruturas de comunicacións (nos que se prevén solucións de circunvalacións ou incorporación de carril bici), a infraestruturas de servizos (onde se considera o mantemento das redes existentes), os equipamentos (nos que se prevén novas dotacións ou ampliación das existentes –tal é o caso do cemiterio municipal-), e aos espazos libres e zonas verdes.

Debido a súa traxectoria histórica non cabe pensar que este ámbito do territorio de Allariz, pioneiro na ordenación dos seus valores, non teña un instrumento de planeamento que o regule. Por outra parte, segundo establece a Disposición transitoria quinta, da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, vixente “Os concellos que á entrada en vigor desta lei contén cun plan especial de protección anterior á entrada en vigor da Lei 8/1995, do 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia, relativo a un conxunto histórico e ao amparo de leste exerzan as competencias de autorización previstas na lexislación anterior, seguirán exercéndooas durante un prazo de dous anos desde a entrada en vigor desta lei, durante o cal deberán de proceder á súa adaptación a esta lei, para poder exercer as competencias previstas no artigo 58.”

Polo tanto, sendo este o caso do PECH de Allariz debe procederse a súa revisión.

Por outra banda, os mais de 20 anos transcorridos dende a aprobación do PECHA puxeron de manifesto certa problemática derivada deste planeamento que obrigan a súa revisión e actualización.

A presión urbanística no ámbito para a construción de vivenda colectiva e a crise experimentada polo sector da construción pon en risco o mantemento das tipoloxías tradicionais, e por extensión, do patrimonio existente.

O crecemento urbano expansivo, realízase habitualmente de costas ao C.H., polo que tende a abandonarse o mantemento e conservación das infraestruturas de servizos existentes no ámbito.

O excelente desenvolvemento do sector turístico, configúrase como un punto de atracción de poboación ao C.H., en ocasións causando especiais aglomeracións, mais non redundan nun incremento da poboación municipal. Os cambios funcionais que o turismo leva aparelado (a presión dos visitantes, o incremento do tráfico ou o aumento dos lugares de ocio) pode provocar certo despoboamento e á ruptura do equilibrio social.

O PECHA vixente establecía uns obxectivos e criterios xerais para o ámbito sen afondar na análise da paisaxe, da súa percepción externa, limitándose á percepción interna como

identidade cultural.

O espazo destinado a aparcadoiro de vehículos é reducido no interior do ámbito, limitándose unicamente ao Campo da Feira e en menor medida no fronte da Igrexa de Santa María de Vilanova. O vehículo privado debe circular polos bordos do C.H. na procura dun estacionamento, o que supón un condicionante para o tecido residencial, mentres que o espazo para outros medios de transporte, como a bicicleta non foi considerada a día de hoxe no ámbito, a pesares de contar con rúas aptas para a coexistencia do uso peonil co uso ciclable de baixa velocidade.

Por todo o exposto, xustifícase a necesidade de revisión e actualización do PECHA.

5.2 ALTERNATIVA 1

A revisión do PECHA constitúe unha aposta polo mantemento, conservación e construción de calidade. A alternativa 1 propón desenvolver un PECHA baseado no desenvolvemento das determinacións específicas de protección establecidas na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia e na Lei do Solo de Galicia.

Esta alternativa recolle a ordenación de 288.451,20 m² seguindo a delimitación proposta polo antigo PECHA e polo PXOM.

Mantense a oferta de servizos do C.H. dentro do contexto rural do concello, así como o interese turístico e o valor do seu patrimonio tanto material como inmaterial. As infraestruturas básicas de abastecemento, saneamento e electricidade deben proporcionar un adecuado servizo á poboación.

Segue apostando pola diversificación das actividades existentes e polo desenvolvemento de sectores produtivos propios e diversos para contribuír a minguar o despoboamento do medio rural, mentres que as prácticas turísticas e culturais deben asumir que Casco Histórico é un ben de todos e deben estar abertas ao seu uso respectuoso.

A Alternativa 1 entende o Casco Histórico como unha "paisaxe cultural" sobre a que definir actuacións e medidas de control da transformación sobre el debe contribuír a unha preservación da configuración espacial e á identificación dos contornos críticos sobre os que actuar.

Mellora a oferta de aparcadoiro nas proximidades do ámbito, sen producir impactos no BIC e valorar outros medios de transporte sostíbeis no espazo.

O PECHA incide especialmente nos usos permitidos no ámbito, logrando a reutilización funcional do seu rico patrimonio, relacionándoo cos usos existentes na periferia e articulando estes cos establecidos no PXOM e cos mecanismos de revitalización dos núcleos rurais que se están levando a cabo no concello.

5.3 ALTERNATIVA 2

Nesta alternativa de ordenación, o ámbito de aplicación seleccionado parte do documento en revisión que se obtivo como resultado de aplicar o criterio de entender por Conxunto Histórico-Artístico non só o entorno específico dos bens que se relacionan no Decreto 1319/71, polo que se declara o Conxunto Histórico-Artístico de Allariz, senón tamén as zonas de borde e influencia desas entornas. Porén, co obxectivo de mellorar a transición entre a trama histórica e esas zonas de borde, procedeuse á incorporación ao ámbito da Pasarela Noria (que comunica Torre Lombarda co co parque etnográfico), a Caseta do Camiñeiro e actual oficina de información, (antigo lugar onde se pagaba o imposto para acceder á vila), e a totalidade da rúa Aceñas ata a súa chegada a Acea Rica para poder executar a rehabilitación en toda a rúa.

Igualmente dada a realización dunha nova cartografía, mais actualizada e con mellores ferramentas se producen pequenos reaxustes do ámbito que finalmente abrangue unha superficie de 293.837,05 m² o que supón un incremento do 1% respecto á delimitación proposta pola alternativa 1.

5.4 VALORACIÓN COMPARATIVA ENTRE ALTERNATIVAS

A continuación procedeuse á comparación de alternativas. Análizase a valoración do grao de eficacia na integración e desenvolvemento dos obxectivos pretendidos polo PECHA para cada unha das alternativas propostas.

A metodoloxía proposta baséase na consecución dun único valor resultado para cada unha delas, a través dunha valoración semicualitativa do grado de integración dos criterios de sustentabilidade para cada unha das variables establecidas no documento de referencia.

Así, un valor moi baixo (1) indicará que as propostas básicas do proxecto para dita variable teñen un grao moi baixo de integración de criterios ambientais, mentres que un valor moi alto (5) correspondería a cando para dita variable o planeamento integra completamente os obxectivos marcados e vai mas alá e cumpre o obxectivo para a variable mediante medidas innovadoras e cunha gran carga de sustentabilidade. Os valores intermedios (2, 3 e 4) implican diferentes graos de aproximación crecente (baixo, medio, alto) na integración destes criterios para as propostas do plan. Polo cal, se xustifica a elección da alternativa que maior puntuación obtivera mediante a media de valoración de todas as variables de sustentabilidade.

O valor global para a elección da alternativa ven dado pola seguinte expresión:

Moi baixo	Baixo	Medio	Alto	Moi alto
1	2	3	4	5

CADRO Nº 2.- Avaliación comparativa entre alternativas

VARIABLES E OBXECTIVOS		A0	A1	A2
PAISAXE	Favorecer a integridade paisaxística.	3	4	5
PATRIMONIO NATURAL	Preservar a integridade funcional dos sistemas naturais, en especial do litoral.	4	5	5
PATRIMONIO CULTURAL	Conservación e Revalorización do patrimonio cultural	3	5	5
SOLO	Pular por un desenvolvemento ordenado e eficiente minimizando a ocupación do solo	2	4	5
CICLO HÍDRICO	- Procurar o mantemento do bo estado dos recursos hídricos, e garantir a funcionalidade dos ecosistemas ligados ao medio acuático. - Minimizar o consumo de recursos e garantir o ciclo natural da auga	4	5	5
SOCIEDADE E ECONOMÍA	- Contribuír a unha contorna saudable, favorecer a cohesión social e mellorar a calidade de vida e a habitabilidade. - Potenciar os recursos locais.	2	4	5
ENERXÍA	Minimizar o consumo enerxético	3	5	5
ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO	Minimizar as emisións atmosféricas debidas á implantación da dotación.	3	5	5
MOBILIDADE	Pular pola redución das necesidades de mobilidade, a mellora da accesibilidade, seguridade e o equilibrio modal.	2	4	5
CICLO DE MATERIAIS	Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.	4	5	5
TOTAL		30	45	50

Como conclusión, nun primeiro lugar a alternativa 0 descartouse xa que o mantemento desta alternativa contribúe a manter a problemática urbanística e a motivada pola presión turística.

A valoración comparativa entre as alternativas de ordenación, resultantes da aplicación da planificación territorial relacionada e da lexislación urbanística e sectorial vixente (alternativas "un" e "dous") conclúe que a alternativa de ordenación que mais puntuación obtén é a dúas (2) sendo polo tanto a mais coherente cos obxectivos pretendidos polo PECHA.


6 CARACTERIZACIÓN DA SITUACIÓN ACTUAL

6.1 CARACTERÍSTICAS NATURAIS DO TERRITORIO

6.1.1 TOPOGRAFÍA

A vila e concello de Allariz aséntanse no curso medio do río Arnoia, que atravesa o concello de leste a oeste, xunto co Miño ao norte e o Limia ao sur.

O ámbito do PECHA aséntase no val do Arnoia, en altitudes que abranguen desde os 425 m do cauce, ata os 493 m do Monte do Castelo. Destaca a planicie dos terreos situados no interior do Convento de Santa Clara e na curvatura do Arnoia, en contraposición coas acusadas pendentes do Monte Castelo, que superan en ocasións o 50%.



Pendientes no ámbito

6.1.2 XEOLOXÍA

A vila de Allariz aséntase na solaina dun montículo granítico, o Castelo, que preside a volta do Arnoia. Na súa cima, probable recinto castrexo, levantouse na Baixa Idade Media unha fortaleza que dominaba o paso do río e que serviu de paraugas defensivo á vila.

O ámbito atópase situado, dende un punto de vista xeolóxico, na zona IV, Galicia Media-Tras Os Montes definida por MATTE en 1968, nunha zona de relevos e outeiros suaves formados por granitoides alcalinos. Litolóxicamente está formado por leucogranitos, que producen efectos térmicos nos xistos que os bordean e nos enclaves destes que hai dentro do granito, con

xeración de sillimanita $\pm$ andalucita nas rochas xistosas, e ás veces procesos de moscovitización. Hidroxeoloxicamente, estes materiais destacan pola súa fisuración (no macizo non alterado) e porosidade intergranular (se hai capas superficiais alteradas).

6.1.3 HIDROGRAFÍA

O Conxunto Histórico-Artístico (C.H.A) está dominado por un promontorio de 493 metros de altura nas marxes do río Arnoia de onde xurdiu a vila tras o levantamento dun poboado castrexo fai máis de 2.000 anos. O río Arnoia segue a ser a día de hoxe, grazas ás importantes labores realizadas para a súa recuperación e a do seu contorno, un elemento estratéxico e identitario da vila de Allariz. As actuacións desenvolvidas no río e no seu contorno fixeron que non fose un simple borde ou lindeiro, se non que o converteron nun elemento central da vila establecendo un vínculo natural entre o casco histórico e as áreas de expansión máis recentes, servindo por tanto de área de amortecemento entre o novo edificado e parte máis antiga.

Así, o río Arnoia converteuse nunha peza fundamental sobre a que se sustenta boa parte do atractivo de Allariz cun forte vínculo desde o punto de vista ambiental, paisaxístico, cultural, etnográfico e tamén recreativo xa que actualmente é empregado como unha gran zona verde para o lecer da poboación residente e dos numerosos visitantes que acoden a vila. Nas súas marxes atópanse as praias fluviais do Arnado e de Acearrica, paseos creados a ambas marxes que permiten un percorrido circular, pontes como a románica de Vilanova ou a de A Acearrica, o Paseo da Alameda, o parque de Portovelo ou a Área recreativa de Vilanova.

O ámbito de estudo pertence polo tanto á conca do río Arnoia e á Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil, formado parte do sistema Miño baixo- Limia.


Código da masa	Nome	Natureza	Número IPH	Tipoloxía	Lonx.(Km)
ES482MAR002080	Río Arnoia II	Natural	31	Pequenos eixes cántabro-atlánticos silíceos	45,35

As actuacións realizadas no río reflicten o bo estado da masa de auga correspondente ao tramo de río Arnoia que discorre polo núcleo de Allariz.

Estado ecolóxico	Estado químico	Estado global	Tendencia	Cumprimento Obxectivos Medioambientais
Moi Bo	Bo	Bo ou Mellor	Mantense	Si

A masa de auga subterránea sobre a que se asenta o ámbito é a denominada Conca Baixa do Miño (011.002).

Segundo o Plan de Xestión de Riscos de Inundación da Demarcación 4,84 Km do tramo do río Arnoia que discorre polo núcleo de Allariz, desde A Acea ata Castrelo, presentan risco de inundación (ARPSIS ES010-OU-01-06 no tramo do río Arnoia ES010-OU-01-06-25663-10). Este tramo atópase en zona de fluxo preferente e presenta risco de avenidas para os períodos T100 e T500.



Hidrografía Río Arnoia ao seu paso por Allariz. Zona de fluxo preferente e Zona de Policía de Augas

6.1.4 CLIMA

O tipo de clima de Allariz correspóndense co o suboceánico interior Sur. Allariz encóntrase na subrexión fitoclimática subhúmeda de tendencia centroeuropea (Allué). As condicións climáticas presentan contrastes fortes segundo a época do ano derivadas dos certos resgos de continentalidade do ámbito pois nos meses de Novembro a Marzo existen temperaturas baixas, aumentan o número de xeadas e a concentración das precipitacións anuais; situacións estas derivadas da súa posición interior e da menor influencia do mar e por outra banda do descenso en latitude do anticiclón das Azores que permite a entrada de perturbacións asociadas á fronte polar. Pola contra nos meses de estío as temperaturas medias ascenden notablemente e as precipitacións redúcense ás de tipo convectivo producidas polo quecemento natural da terra.

As redes de meteoroloxía da Xunta de Galicia non posúe estación no concello de Allariz, polo que os datos climatolóxicos haberán de extraerse das estacións da contorna. Segundo os datos desprendidos da Estación de Xinzo, situada nas coordenadas UTM-ETRS89 (X/Y/Z): 606030/4661872/616 obtéñense os seguintes parámetros referidos ao ano 2020:

- Temperatura media anual a 1,5m: 12,35 °C
- Temperatura máxima anual a 1,5m: 37,2 °C
- Temperatura mínima anual a 1,5m: -6,6 °C
- Chuvia diaria máxima: 27,4 l/m2
- Número de días de chuva: 122 días con chuva superior a 0 l/m2, 96 días con chuva superior a 1 l/m2, 21 días con chuva superior a 10 l/m2, e ningún día con chuva superior a 30 l/m2.

- Humidade relativa media anual a 1,5m: 83,08%

Conclúese por tanto que o clima allaricano é relativamente seco e extremado, pese á influencia atlántica. Presenta grandes oscilacións térmicas entre o día e a noite, e entre o verán e o inverno, cunha temperatura media anual superior aos 10°C, poucas precipitacións, na súa maioría de escasa intensidade, e cun balance hídrico negativo.

6.1.5 ÁREAS ESTRATÉXICAS DE CONSERVACIÓN

As DOT determinan que as Áreas estratéxicas de conservación, como ámbitos de especial valor natural e ecolóxico, corresponderanse coas áreas protexidas establecidas pola lexislación estatal e autonómica, en materia de espazos naturais e conservación da natureza, así como as futuras declaracións de novos espazos protexidos, e outras posibles áreas ou formacións que poidan presentar valores de calquera tipo físico ou natural cun interese local ou supramunicipal, e que complementen a funcionalidade das xa protexidas.

Segundo establece a Lei 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, a Rede galega de espazos protexidos está constituída polos espazos naturais protexidos de competencia autonómica declarados e que se declaren no futuro nas seguintes categorías: Reserva natural, parque, monumento natural, zona húmida protexida, paisaxe protexida e espazo protexido Rede Natura 2000.


No ámbito do PEPOID non se atopan áreas con estas características pertencente á Rede galega de espazos protexidos nin a Rede Natura 2000. Asemade, non se atopan espazos naturais de interese local nin espazos privados de interese natural.

O ámbito do PECHA intégrase no espazo da Reserva da Biosfera da Área de Allariz pola UNESCO no ano 2005 co código ES010ZEPR1110100223, co obxectivo de servir de exemplo práctico de equilibrio entre o desenvolvemento económico e social, o mantemento dos valores culturais propios e a conservación da diversidade biolóxica.

Respecto á zonificación da Reserva:

- A zona núcleo inclúe os espazos que reúnen os valores naturais máis significativos e representativos (ecosistemas e especies) do conxunto da superficie da Reserva da Biosfera, incluíndo Parques Naturais e Rede Natura 2000.
- A zona tampón comprende espazos naturais protexidos pola Rede Natura 2000 e outros espazos que compren unha función de amortecemento de posibles impactos negativos provocados na zona de transición ao redor das zonas núcleo.
- A zona de transición está constituída polo resto do territorio proposto como Reserva da Biosfera e acolle a maioría de actividades económicas (agrarias, industriais e de servizos), así como os sistemas urbanos e de comunicacións.

O casco antigo de Allariz sitúase nunha zona exterior de transición, rodeado de zona tampón e mais de 1,5 Km das zonas consideradas como núcleo.



Zonificación da Reserva da Biosfera Área de Allariz

6.1.6 FLORA E FAUNA

Tendo en consideración a distribución dos taxóns segundo os mapas corolóxicos de Rivas Martínez (1987), o municipio de Allariz encádrase na rexión Eurosiberiana, Provincia Cantabro Atlántica, Sector Galaico Portugués e subsectores Miñense e Xuresiano Queixense. Polo cal estamos nunha área de ecotono e transición onde a flora mestúrase o que leva consigo unha maior diversidade florística.

Os bosques característicos destas terras ao oriente da dorsal galega (vertente de sotavento; máis seca e cálida que barlovento) pertencen por tanto á asociación *Holco molli Querceto pyrenaicae* en concreto a serie 18 b): Serie supra-mesomediterránea carpetana occidental, orensano-sanabriense y leonesa humedo-hiperhúmeda silicícola de *Quercus pyrenaica* o roble melojo (*Holco mollis- Quercetum pyrenaicae sigmetum*).VP, robledades de melojo. Faciación típica con *Quercus robur*.

Por tanto as especies máis representativas das frondosas, son os carballos e os cerquiños. Tamén destaca a vexetación de ribeira con predominio de especies caducifolias demandantes de elevada humidade do solo. A elevada evapotranspiración neste ámbito tradúcese na aparición de multitude de especies vexetais arbustivas e herbáceas adaptadas á inestabilidade destes hábitats.

No ámbito e nas súas proximidades non se identifican árbores o formacións incluídas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras.

A vexetación autóctona está formada fundamentalmente por carballos, piñeiros, castaños e ameneiros na marxe norte do ámbito, nun espazo cada vez máis deforestado co conseguinte avance do monte baixo de toxo, xesta e carqueixa.

Segundo se pode observar do mapa de coberturas e usos do solo (SIOSE 2014) a cobertura vexetal do ámbito está dominada por arborado caducifolio nas ribeiras do río Arnoia, por mato

vinculado a este curso de auga e aos cultivos e polas zonas verdes.

Segundo o Inventario Español de Especies Terrestres a información cartográfica correspondente á cuadrícula de 10x10Km na que se inclúe o ámbito do PECHA (29TNG97) poden atoparse as seguintes especies inventariadas pola normativa autonómica (Decreto 88/2007, de 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas, CGEA) ou estatal (Real Decreto 139/2011, de 4 de febreiro, para o desenvolvemento do Listado de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas, CEEA):

CADRO Nº 3.- Especies protexidas potencialmente presentes no ámbito

GRUPO	ESPECIE	CGEA_DECRETO 88/2007	CEEA_RD 139/2011
Anfibios	<i>Rana iberica</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Anguis fragilis</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Emys orbicularis</i>	En perigo de extinción	Protección especial
Réptiles	<i>Natrix maura</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Rhinechis scalaris</i>	Vulnerable	Protección especial
Réptiles	<i>Timon lepidus</i>	Vulnerable	Protección especial
Mamíferos	<i>Galemys pyrenaicus</i>	Vulnerable	Vulnerable

Respecto os plans de conservación e recuperación de especies vixentes, o ámbito atópase na área potencial do Plan de recuperación do Sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.) en Galicia (Decreto 70/2013, do 25 de abril).

A área de distribución potencial defínese como a área que polas súas características naturais e estado de conservación reúne condicións como hábitat da especie. Forman tamén parte desta área de distribución potencial as áreas identificadas e verificadas como zonas de conexión entre os actuais núcleos de poboación.

O Plan inclúe na área de distribución potencial as masas de auga lénticas e zonas húmidas, así como as súas correspondentes zonas de policía de 100 m de largo en cada banda, das zonas sinaladas como áreas de presenza e prioritarias que se atopan a mais de 2 Km de distancia cara o nordeste do Casco histórico de Allariz, augas arriba do río Arnoia.

Respecto do Plan de xestión do Lobo, e dado o elevado grao de urbanización da vila, inclúese na zona 3, na que a densidade desta especie e a probabilidade de danos á gandería é menor.


6.2 USOS DO SOLO

O vixente PECHA estrutura o ámbito en cinco zonas de ordenanza en función do seu tratamento homoxéneo e uso. As ordenanzas establecidas son: Edificación intensiva, edificación extensiva, equipamentos, espazos libres e zonas verdes e usos agrarios.

Como se pode observar no seguinte cadro, segundo o SIOSE, Sistema de Información sobre Ocupación do Solo de España, integrado dentro do Plan Nacional de Observación do Territorio (PNOT) no ámbito predomina o solo artificial.

CADRO Nº 4.- Usos do solo no ámbito do PECHA

GRUPO	Superf. (Has)	% sobre ámbito
I(60FDCfr_35ACU_05MTRfr)	3,58	12,16
I(80FDC_20PRDsc)	1,82	6,18
R(30PRDsc_20CHLsc_15ERG(50OCT_40ZAU_10EDFea)_10OCT_10SNE_05EDFva_05VAP_05NSL(45OCT_25ZAU_20EDFvn_10SNE))	3,50	11,90
R(40MTRpc_35PRDsc_15CHLsc_05EDFva_05VAP)	0,02	0,06
R(60ERG(45SNE_30ZAU_25EDFea)_30UEN(60EDFvd_20VAP_10OCT_10SNE)_05ERG(60ZAU_40EDFea)_05EDP(60EDFea_40OCT))	0,19	0,64
R(60PRDsc_15CHLsc_15MTRpc_05VAP_05FDC)	3,12	10,60
R(95UEN(35EDFem_30VAP_20SNE_10ZAU_05OCT)_05EDP(40EDFea_40OCT_20SNE))	3,56	12,09
R(95UEN(50SNE_25VAP_10EDFem_10OCT_05ZAU)_05EDP(60EDFea_30OCT_10VAP))	1,80	6,11
UCS(75EDFvd_10SNE_05ZAU_05VAP_05OCT)	0,37	1,25
UDS(60EDFva_20VAP_10ZAU_10OCT)	8,46	28,74
UEN(65SNE_10EDFem_10VAP_10OCT_05ZAU)	3,01	10,22
I: Mosaico irregular R: Mosaico regular FDC: Frondosas caducifolias FDCfr: Arborado de frondosas caducifolias. Formación de ribeira. ACU: Augas continentais. Cursos de auga. MTRfr: Mato. Formación de ribeira. MTRpc: Mato. procedencia de cultivos PRDsc: Prados. Secano CHLsc: Cultivos Herbáceos distintos de Arroz. Secano NSL: Artificial composto. Infraestruturas. Solar ERG: Artificial composto. Equipamento/dotacional relixioso EDP: Artificial composto. Equipamento/dotacional deportivo SNE: Cobertura artificial. Solo non edificado UEN: Artificial. Urbano mixto. Ensanche UCS: Artificial. Urbano mixto. Casco UDS: Artificial. Urbano mixto. Descontinuo EDFea: Cobertura artificial. Edificación. Edificio illado. EDFva: Cobertura artificial. Edificación. Vivenda unifamiliar illada. EDFvd: Cobertura artificial. Edificación. Vivenda unifamiliar acaroadada EDFem: Cobertura artificial. Edificación. Edificio entre medianeiras. EDFvn: Cobertura artificial. Edificación. Nave. OCT: Cobertura artificial. Outras construcións ZAU: Cobertura artificial. Zona verde artificial e arborado urbano VAP: Cobertura artificial. Vial, aparcamento ou zona peonil sen vexetación		



SIOSE CODE

	I(60FDCfr_35ACU_05MTRfr)
	I(80FDC_20PRDsc)
	R(30PRDsc_20CHLsc_15ERG(50OCT_40ZAU_10EDFea)_10OCT_10SNE_05EDFva_05VAP_05NSL(45OCT_25ZAU_20EDFva_10SNE))
	R(40MTRpc_35PRDsc_15CHLsc_05EDFva_05VAP)
	R(60ERG(45SNE_30ZAU_25EDFea)_30UEN(60EDFva_20VAP_10OCT_10SNE)_05ERG(60ZAU_40EDFea)_05EDP(60EDFea_40OCT))
	R(60PRDsc_15CHLsc_15MTRpc_05VAP_05FDC)
	R(95UEN(35EDFem_30VAP_20SNE_10ZAU_05OCT)_05EDP(40EDFea_40OCT_20SNE))
	R(95UEN(50SNE_25VAP_10EDFem_10OCT_05ZAU)_05EDP(60EDFea_30OCT_10VAP))
	UCS(75EDFva_10SNE_05ZAU_05VAP_05OCT)
	UDS(60EDFva_20VAP_10ZAU_10OCT)
	UEN(65SNE_10EDFem_10VAP_10OCT_05ZAU)

Distribución dos usos do solo no ámbito do PECHA. Fonte SIOSE 2014

6.3 PAISAXE

A Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, ten por obxecto o recoñecemento xurídico, a protección, a xestión e a ordenación da paisaxe de Galicia. O artigo 5 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, establece que os poderes públicos de Galicia velarán para que, no ámbito das súas competencias, se adopten as medidas específicas necesarias para a protección, xestión e ordenación da paisaxe e no seu capítulo III establece os instrumentos para conseguilo. A Estratexia de Paisaxe de Galicia sinala as liñas mestras para o desenvolvemento dos instrumentos propios previstos na Lei de Paisaxe (7/2008, de 7 de xullo) e delimita as Grandes áreas paisaxísticas sobre as que se desenvolverán os Catálogos da Paisaxe.


O Catálogo das paisaxes de Galicia foi aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG núm. 160, do 25 de agosto).

As Directrices da Paisaxe de Galicia, aprobadas mediante o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, xorden a partir do Artigo 10 da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia co fin de precisar os Obxectivos de Calidade Paisaxística para cada unidade da paisaxe, así como as medidas, indicadores, normas e recomendacións necesarios para acadalos.

O ámbito pertence segundo a Estratexia Galega da Paisaxe ao Grande Área Paisaxística (GAP) numero 4 que forman as Chairas, Fosas e Serras Ourenás, e a súa vez, comarca paisaxística do Alto Arnoia (4.1). A comarca Alto Arnoia abrangue partes dos concellos de Allariz, Xunqueira de Ambía, Baños de Molgas, Maceda, Esgos, Xunqueira de Espadañedo, Montederramo, Castro Caldelas, Vilar de Barrio e Laza.

6.3.1 Unidades de paisaxe

Segundo o Catálogo de Paisaxes de Galicia a zona de estudo pertence, segundo a súa xeomorfoloxía e clima, á unidade paisaxística formada por chairas e vales interiores; Rururbano (diseminado); Mesotemperado inferior. Segundo a cuberta predominante, as unidades de paisaxe que identifica o Catálogo no ámbito son a de Conxunto histórico, urbano (cara o noroeste) e rururbano diseminado na contorna do Casco histórico.



Unidades de paisaxe. Fonte: Catálogo de paisaxes de Galicia

6.3.2 Elementos da paisaxe

O ámbito do Conxunto Histórico-Artístico está coroado polo Monte do Castelo, cos seus 493 m de altura. Desde este punto é de onde xurde a vila tras o levantamento dun poboado castrexo fai máis de 2.000 anos para, posteriormente ir expandíndose e amoldándose á ladeira granítica na súa baixada cara o río Arnoia, que envolve ao C.H. polo norte e Oeste.

Ao asentarse nun meandro do río a evolución da vila non pode entenderse sen a súa estreita relación co río Arnoia. Ao seu paso por Allariz o río presenta un caudal e unha anchura notable que favoreceu o aproveitamento da auga sendo o motor económico da comarca alaricana. A enerxía hidráulica permitiu o movemento de complexos engranaxes que facilitaban o traballo industrial relacionado co comercio e industria do liño ata entrado o século XX cando a produción deixa de ser rentable e se vai substituíndo pola transformación de coiro o que supuxo a reconversións das antigas instalacións dotando á vila dun importante legado cultural e industrial vinculado ao río.

Ademais do valor arquitectónico e etnográfico do casco antigo, destaca polo seu valor natural e paisaxístico o río Arnoia tanto pola vexetación de ribeira, como pola percepción da auga en

movemento, as pontes, as construcións singulares das súas beiras no tramo que atravesa o C.H.A e mesmo como principal elemento configurador da orografía e da paisaxe.

No Casco Histórico de Allariz pódense diferenciar: unha zona intramuros que acolle a meirande parte do ámbito, e na que destaca a Igrexa de Santiago e a Praza Maior unha parte de amplos espazos ao seu redor como o Campo da Barreira, o río, A Acearrica, O Arnado, A Alameda, a aba norte do Castelo, etc, e unha terceira parte exterior ao Casco de características máis rurais (núcleos rurais de Piñeiro, Frieira, Orraca, etc, espazos como Tras do Convento, Mariña, Camiño de Roiriz, Aguin, etc.).

6.3.3 Dinámicas

Aínda que o estudo da Historia de Allariz adoece de documentos pódese afirmar que existiu un poboamento romano, que debeu ter continuación na etapa suevo-visigótica; e, dende logo, na altomedieval (s. IX a XI). Nese senso é importante subliñar a existencia dun castro galaico-romano situado onde logo se inzou o Castelo, castro que figura inventariado (GA 32001005).

A súa posición estratéxica sobre o río Arnoia e o camiño que levaba a Ourense foi aproveitado na época de Alfonso IV para a construción entre os anos 1072 e 1078 dunha gran fortaleza amurallada sobre o promontorio, sendo anos máis tarde unha peza chave durante as guerras con Portugal.



Restos actuais da antiga muralla

A historia documentada comeza co renacemento urbano baixo medieval, sendo o momento de máximo esplendor o comprendido ante os século XII a XIV.

A mediados do século XIX o número de edificios era moi semellante ao de hoxe en día. Ao final da centuria, Allariz é o segundo concello de Ourense en poboación. O salto demográfico prodúcese na segunda metade do XIX.

Allariz foi secularmente un cruce de camiños. Iso condiciona a estrutura urbana do C.H.A., que primeiro foi atravesado por vías de paso e logo circunvalado por elas.

Xa na idade moderna, a presión urbanística no ámbito para a construción de vivenda colectiva e a crise experimentada polo sector da construción puxo en risco o mantemento das tipoloxías tradicionais, e por extensión, do patrimonio existente.

O crecemento urbano expansivo, realizouse xeralmente de costas ao C.H., polo que tendeu a

abandonarse o mantemento e conservación das infraestruturas de servizos existentes no ámbito.

Como se pode observar nas seguintes imaxes o Casco histórico mantívose ao longo dos anos mentres que o desenvolvemento urbanístico seguía o seu curso, sobre todo cara o sur do mesmo.



Ano 2022



Ano 2020



Ano 2002-2003



Ano 1956-1957

6.3.4 Valoración

Segundo o Catálogo de paisaxes de Galicia non existen áreas de interese paisaxístico no ámbito nin nas súas proximidades.

As intervencións en materia de paisaxe estarán guiadas pola comprensión do lugar e o coñecemento das súas necesidades funcionais, a identificación dos elementos característicos ou a percepción social e cultural.

Entre os valores ecolóxicos destaca indudablemente o río Arnoia e a súa vexetación de ribeira como elemento paisaxístico e dende a perspectiva da conectividade tanto ecolóxica como funcional.



Río Arnoia

En atención ao seu interese patrimonial, histórico e/ou etnográfico, o Conxunto Histórico-Artístico de Allariz, foi declarado Ben de Interese Cultural (BIC) mediante o Decreto 1319/1971, de 20 de maio. O Conxunto Histórico-Artístico de Allariz, comprende a igrexa de Santiago e toda a zona que das prazas e rúas que a rodean; a igrexa de San Estevo co seu atrio e as rúas que o rodean; o convento Santa Clara, santuario de San Bieito e campo da Barreira; a igrexa de San Pedro, praza Juan Bosco e as súas entradas; a rúa Xardín (antiga muralla medieval); a zona que comprende as casas e balcón de Amoeiro; a ponte e igrexa (Santa María) de Vilanova co seu alcance da vista sobre o río; a Acea Rica, Paseo de Arnado e Alameda.



Convento de Santa Clara e Igrexa de San Benito

O desenvolvemento do Plan especial do Casco Histórico levou a Allariz a ser galardoado en 1994 co Premio de Urbanismo da Unión Europea polo proxecto de ordenación e recuperación do conxunto histórico e do seu río, a obtención no ano 2000 da cualificación GOOD sobre boas prácticas para a mellora da contorna urbana por parte do Centro de Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos, e tamén a ser seleccionado para formar parte da Reserva da Biosfera de Allariz que foi declarada pola UNESCO no ano 2005.

A igrexa de Santiago posúe asemade a declaración individual como Monumento Histórico-Artístico (Decreto do 3 de xuño de 1931).

A importancia histórica e cultural da vila de Allariz déixase ver noutros puntos do municipio como é o caso da Igrexa de San Martiño de Pazó, Monumento Histórico-Artístico (Decreto do 3 de xuño de 1931) e o seu contorno (Decreto 41/1998 do 30 de xaneiro de 1998).

A intervención conxunta e planificada de valorización de continente e contido outorgan á vila allaricana un sobranceiro protagonismo na recuperación das paisaxes culturais, que toman forma na imaxe idílica da vila co Arnoia nun primeiro plano e a ponte medieval, coroada pola silueta do castelo, ata os contemporáneos xardíns do seu festival internacional.



Vista do ámbito desde o suroeste. ano 2022

Respecto aos valores de uso ou produtivos, no ámbito o uso maioritario é o residencial. E dentro deste, o de vivenda unifamiliar, que se da tamén de forma maioritaria en edificación aparellada. Destaca a vivenda urbana construída entre medianeiras con alturas de dúas a catro plantas. Trátase dunha tipoloxía de vivenda tradicional con muros de pedra (moitas delas resoltas con sillería), estruturas e carpintarías de madeira e cubertas a base de tella curva, compostos de elementos singulares como balcóns, galerías ou miradoiros.

Séguenlle o uso comercial e o sociocultural -no que hai que salientar as actividades de hostalería.

Antigamente, a enerxía hidráulica que proporcionaba o río Arnoia permitiu o movemento de complexos engranaxes que facilitaban o traballo industrial relacionado co comercio e industria do liño ata entrado o século XX cando a produción deixa de ser rentable e se vai substituíndo pola transformación de coiro o que supuxo a reconversións das antigas instalacións dotando á vila dun importante legado cultural e industrial vinculado ao río. Grazas a posta en valor de todo ese legado creouse o Parque Etnográfico do Arnoia, que engloba a Fábrica de curtidos da familia Nogueiras (Museo do Coiro), o Muiño do Buraco (muiño hidráulico de fariña recuperado

e en funcionamento dende 1992) ou o Museo do Tecido (museo do Tecido "O Fiadeiro" onde se mostra o cultivo e transformación do liño).

A atalaia natural do monte Castelo exerce de miradoiro natural sobre a vila allaricana constituíndo un dos principais valores panorámicos do ámbito.



Vista da vila dende o Castelo

Polo C.H. de Allariz discorre de sur a norte en dirección a Ourense, o Camiño de Santiago, de relevancia histórica e universal, que mediante a Vía da Prata prolonga a calzada romana que unía Mérida con Astorga, entra en Galicia pola Mezquita e continúa ata Fisterra.



Tramos do Camiño de Santiago no ámbito

Allariz conta tamén cun numeroso patrimonio inmaterial, como as súas festividades, mercados e feiras, entre as que destacan:


- A Festa do Boi, tradición celebrada de forma ininterrompida desde 1317, que se desenvolve tódolos anos a fin de semana antes do xoves de Corpus, e que conta co boi como elemento central percorrendo as rúas de Allariz.
- Festa da Empanada: tradición celebrada desde 1971 ao lado do río Arnoia en homenaxe aos emigrantes ausentes nas festas patronais por motivos de traballo.
- Festival Internacional de Xardíns de Allariz, situado no Paseo Portovello, ao lado do

Museo do Coiro.

- O Feirón: A tradicional feira de Allariz dos días 1 e 15 de cada mes, que está a celebrarse desde o ano 2020 tódolos sábados, propiciando un fluxo constante de público cada semana ao interior do C.H.
- Xornadas de Carne de Boi de Allariz, a Feira de Outono, a Feira da Artesanía "Arte de man" ou a Feira de produtos apícolas, entre outras.

6.3.5 Visibilidade estratéxica

Resulta primordial coñecer a exposición do ámbito na paisaxe que o rodea, polo que o PECHA haberá de afondar neste aspecto, analizando a visibilidade desde zonas como o Monte de Penamá ou desde a propia autoestrada A-52.



Visibilidade do ámbito

Hai que ter en conta que a análise realizada non considera o apantallamento que exercen as edificacións ou a vexetación na contorna no río. Aínda así, o resultado reflicte un valor de visibilidade media presentando maior incidencia na contorna do Castelo como é lóxico debido a súa posición topográfica.


6.4 RISCOS NATURAIS E TECNOLÓXICOS

6.4.1 Risco de inundación

Segundo o Plan de Xestión de Riscos de Inundación da Demarcación 4,84 Km do tramo do río Arnoia que discorre polo núcleo de Allariz, desde A Acea ata Castrelo, presentan risco de inundación (ARPSIS ES010-OU-01-06 no tramo do río Arnoia ES010-OU-01-06-25663-10). Este tramo atópase en zona de fluxo preferente e presenta risco de avenidas para os períodos T100 e T500 polo que se deberan ter en conta no PECHA as normas sectoriais de aplicación.

FICHA EVALUACIÓN HIDROMORFOLÓGICA DE ARPSI - SUBTRAMO			
CÓDIGO ARPSI	ES010-OU-01-06	NOMBRE ARPSI	Allariz
CÓD. SUBTRAMO	ES010-OU-01-06-25663-10	Nº DE MASAS ASOCIADAS	1
CÓDIGO MASA ASOCIADA	ES010MSPFES482MAR002080		
% ARPSI EN MASA ASOCIADA	76-100%	NOMBRE	Río Arnoia II
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES HIDROMORFOLÓGICAS - RÉGIMEN HIDROLÓGICO DE LA MASA DE AGUA ASOCIADA AL ARPSI			
Grado de alteración del RÉGIMEN HIDROLÓGICO: CAUDALES LÍQUIDOS (Ic _{ahs})			Bajo
Grado de alteración del RÉGIMEN HIDROLÓGICO: CAUDALES SÓLIDOS (Q sol)			Muy bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES HIDROMORFOLÓGICAS - CONEXIÓN CON LAS AGUAS SUBTERRÁNEAS DE LA MASA DE AGUA ASOCIADA AL ARPSI			
Grado de alteración conexión de la MAS con masas de agua subterránea (MASb)			Muy bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES HIDROMORFOLÓGICAS - CONTINUIDAD FLUVIAL DEL SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de la continuidad fluvial estimada con información disponible y caracterización peligrosidad			Alto
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES MORFOLÓGICAS - VARIACIÓN DE LA PROFUNDIDAD Y ANCHURA DEL CAUCE SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de las orillas del cauce por obras de estabilización de taludes (escolleras, gaviones, muros, etc.)			Muy bajo
Grado de alteración de la zona de flujo preferente y/o zona de policía por obras de protección frente a inundaciones (motas, recrecimientos, rellenos, terraplenes, etc.)			Muy bajo
Grado de urbanización o impermeabilización de la zona de flujo preferente y/o zona de policía			Moderado
Grado de alteración por remansos del perfil longitudinal del cauce			Muy bajo
Grado de incisión o dinámica vertical acelerada			Bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES MORFOLÓGICAS - ESTRUCTURA Y SUSTRATO DEL LECHO DEL SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de la estructura y sustrato del lecho			Bajo
CARACTERIZACIÓN BÁSICA DE LAS CONDICIONES MORFOLÓGICAS - ESTRUCTURA DE LA VEGETACIÓN DE RIBERA DEL SUBTRAMO ARPSI			
Grado de alteración de la continuidad ecológica longitudinal			Moderado
Grado de alteración de la continuidad ecológica transversal			Moderado
POSIBLES ACTUACIONES DE MEJORA			
Retirada / Permeabilización de elementos transversales en el cauce			

Ficha da ARPSIS para o subtramo do río Arnoia contido no ámbito



Mapa de risco de inundación (ARPSIS Tramo ES010-OU-01-06-25663-10)

6.4.2 Risco de incendio

O municipio de Allariz pertence ao Distrito Forestal XII Miño-A Arnoia e á Demarcación de Allariz – Maceda formada ademais polos concellos de Baños de Molgas, Xunqueira de Ambía, Xunqueira de Espadanedo, Maceda, Paderne de Allariz e Taboadela.

Debido a incidencia de lumes acontecidos no territorio, o municipio esta considerado como Zona de Alto Riscos de Incendio (ZAR) pola Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio en base ao risco espacial de incendio forestal.

Segundo o PLADIGA 2022 non se identifican parroquias con alto risco de incendio.

Dadas as características do ámbito, a única zona susceptible de sufrir incendio forestal é a contorna do Castelo onde predomina a maleza e o tipo de vexetación mais susceptible de ser combustible.

6.4.3 Risco de contaminación das augas

Segundo o Plan hidrolóxico vixente toda a masa subterránea é susceptible de contaminación difusa de orixe agrícola-gandeiro.

As actuacións desenvolvidas durante anos para o saneamento e conservación do río Arnoia contribuíron a garantir a súa integridade e calidade das augas como demostra o cumprimento dos obxectivos medioambientais fixados pola Directiva Marco da Auga.

6.4.4 Risco sísmico


Para a consideración do efecto das accións sísmicas na zona de estudo séguense os criterios proporcionados pola Norma de Construción Sismorresistente: Parte Xeral e Edificación (NCSR-02) aprobada o 27 de Setembro de 2002 polo Real Decreto 997/2002. A citada Norma especifica no seu artigo 1.2.3 que será obrigatoria a súa aplicación cando a aceleración sísmica básica sexa igual ou superior a 0,04g, sendo g a aceleración da gravidade.

O Mapa de Perigosidade Sísmica da citada Norma establece para o ámbito de estudo unha aceleración sísmica básica ab igual a 0,04g, sendo g a aceleración da gravidade. Polo tanto, os proxectos de construción deberán ter en conta o efecto das accións sísmicas.

6.5 MEDIO SOCIOECONÓMICO

6.5.1 Demografía

A panorámica demografía de Allariz no seu conxunto ven amosando uns niveis de regresividade acentuada. O Casco Histórico non ía ser moi distinto. De calquera xeito logo dos anos de forte caída demográfica, a partires dos anos sesenta e setenta, parece terse detido a sangría migratoria; non sucede o mesmo co crecemento vexetativo, pois as defuncións superan en varios enteiros aos nacementos, mesmo nos últimos anos.



A poboación do C.H. de Allariz era de 1.049 persoas en 1981 e de só 837 en 1993 (a 31 de Nadal). O descenso é pois importante, un 20,3 % na ducia de anos transcorridos entre esas dúas datas. Pero tamén é significativo o feito de que a partir de finais da década dos oitenta, principios dos noventa non se produce descenso de poboación no Casco e elo, basicamente pola volta de xentes emigradas.

A planificación urbanística e territorial desenvolvida nos anos posteriores traduciuse nun incremento da tendencia demográfica co enriquecemento e fixación de poboación no municipio que continua ata os nosos días, de tal xeito que segundo os últimos datos dispoñibles no IGE, no ano 2021 o municipio de Allariz contaba con 6.314 habitantes repartidos en 16 parroquias entre as que destaca a de Allariz (Santiago) por albergar o núcleo urbano e o Casco antigo.


Parte desa estabilización e lixeiro crecemento que experimenta o municipio proven do núcleo urbano de Allariz do que forma parte o C.H.A, xa que case o 65% da poboación municipal habita no núcleo urbano (4.084 habitantes).

A media de idade dos habitantes do municipio é de 46,64 anos.

Comparando as pirámides de poboación correspondentes aos dous escenarios referenciados (anos 1998 e 2020), pode apreciarse que a de 1998 xa amosa unha base moi feble, aínda máis acusada nas mulleres pero que, aínda se conserva certa imaxe piramidal en conxunto, certo é que presenta cunha clara tendencia a se facer rectangular. En 1993 advertimos unha notoria inflexión no estrato correspondente ás persoas comprendidas entre os 20 e os 24 anos.

A distribución por sexos, -que xa en 1998 evidenciaba unha curiosa desvantaxe feminina na poboación menor de 50 anos- segue a amosar unha compoñente masculina maioritaria neses primeiros estratos tamén en 2020. Pola contra, a partir dos 50 ou 55 anos a poboación feminina supera á masculina en tódolos estratos de idade cousa que xa é moi acusada na poboación que supera os 85 anos.

CADRO Nº 5.- ESTRUCTURA DE IDADES DA POBOACIÓN DE ALLARIZ (2020)



Por outra banda, para analizar o envellecemento poboacional, problema común en todo o interior da comunidade galega, é preciso acudir ao índice de envellecemento do municipio calculado polo Instituto Galego de Estatística. Este sinala a relación existente entre as persoas con máis de 65 anos e os que teñen menos de 15. Como pode observarse existe unha tendencia á súa diminución dende o ano 2008 favorecido polos novos empadroadamentos no municipio, xa que o saldo vexetativo nos últimos anos é negativo (-39 no ano 2020). Cómpre sinalar que, aínda que segue a ser moito máis alto co desexable (situarse por baixo do 20 %) o mesmo índice para a comarca de Allariz-Maceda é de 261,63 para o ano 2020 e de 160,40 para o total de Galicia.


CADRO Nº 6.- ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO DO MUNICIPIO DE ALLARIZ

2003	2005	2010	2015	2018	2020	2021
231,84	221,50	192,05	162,39	162,37	150,58	148,17

A información de poboación oficial dispoñible para o ámbito do Casco Histórico, correspóndese coa aportada polo Concello de Allariz, para entidade do INE 0301401 Allariz, sendo conscientes de que este núcleo engloba unha maior extensión que a do propio Casco Histórico. De feito, o ámbito do PECHA representa un 11,6% do total do solo urbano delimitado, polo que aplicárase esta porcentaxe á cifra global achegada.

Na seguinte gráfica pode observarse a evolución da poboación do núcleo de Allariz que case ten duplicado o número o habitantes nos últimos 20 anos.

CADRO Nº 7.- EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN NOS ÚLTIMOS ANOS (2000-2021)



FONTE: Elaboración propia a partir dos datos dos Censos de Poboación

A poboación do C.H., como a do conxunto do Concello de Allariz é unha poboación non só en regresión senón tamén, e sobre todo, envellecida.

O PECHA 1995 analizaba o Índice de Dependencia Xuvenil do Casco Histórico (Porcentaxe da poboación entre 1 e 14 anos respecto da poboación entre 15 e 64 anos) que roldaba o 21,03 %, practicamente igual ao do conxunto municipal (21,15 %) ,tendo en conta que o desexable demograficamente falando sería que ese índice non baixase do 40 %.


No caso do Índice de Dependencia Senil (expresado como a porcentaxe de poboación de 65 ou máis anos respecto da poboación entre 15 e 64 anos) situábase no momento de aprobación

do PECHA no 33,40 %, que aínda que se situaba lonxe do case sangrante 49,43 % do conxunto municipal, seguía a ser moito máis alto co desexable (por baixo do 20 %). Na actualidade, e segundo as cifras do IGE para o ano 2021, a poboación de 65 ou máis anos representa o 25% do total municipal.

6.5.2 Actividades económicas

En Allariz polos seus valores ambientais e patrimoniais, vense producindo un fenómeno de progresiva terciarización e transformación en núcleo de residencia para poboación procedente da capital provincial.

O uso maioritario dentro do C.H.A é o residencial con vivenda unifamiliar maioritariamente en edificación apegada, seguido do uso comercial e sociocultural. A actividade industrial segue sendo reducida a pesar da tradición artesá e a posta en marcha de parques industriais, mentres que a agricultura segue sendo para autoabastecemento na súa meirande parte aínda que destaca a modernización das explotacións agrícolas nos últimos anos grazas a políticas de reconversión das terras abandonadas en explotacións modernas e a integración das explotacións produtivas en empresas de transformación.




Número de afiliados/as por sectores en data xuño 2021.

CADRO Nº 8.- EMPRESAS POR ACTIVIDADE (2020)

Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos
37	47	94	370

A seguinte gráfica reflicte o número de parados/as nos últimos anos.

Como se pode observar, en xeral o paro diminúe no período analizado. Se ben, en cifras moi axustadas.



Actualmente, destaca o potencial económico do sector turístico. A posta en valor do patrimonio urbano, cultural e natural de Allariz permitiu nos últimos anos unha clara dinamización económica a través do desenvolvemento da actividade turística e recreativa.

Esta aposta polo sector turístico supuxo ademais a atracción de novos modelos de negocio, como a implantación de outlets de marcas de referencia para fomentar, á marxe do atractivo da riqueza patrimonial, cultural e natural, o turismo de consumo. A día de hoxe o Outlet Allariz é marca da vila e desenvolve a súa actividade nun "centro comercial" aberto en tres rúas do C.H.A: Rúa Santo Estevo, Rúa Fonteiña e Rúa da Cruz.

Segundo os datos recollidos pola Oficina de Información Turística de Allariz, dende xuño ata a ponte de outubro de 2021, un total de 26.500 visitantes pasaron pola instalación municipal. En canto á procedencia dos visitantes, a meirande parte dos mesmos proceden do resto do estado, sobre todo de Madrid ,Castela e León e Levante. En canto aos visitantes galegos, procedían maioritariamente da provincia de A Coruña e Pontevedra.

Patrimonio principalmente, natureza e a rede comercial e hostaleira, así coma o calendario de eventos que se leva a cabo en Allariz durante todo o ano son, entre outros, os atractivos por excelencia que fan de Allariz un destino turístico consolidado e referente en Galicia.

A rede de museos de Allariz bateu todos os récords ao recibir só no meses de xullo , agosto e setembro 8.500 visitas, sendo o Museo do Xoguete o que presentou maior afluencia de visitantes.

En xeral, tras as políticas desenvolvidas polo goberno municipal, observouse unha evidente mellora na calidade de vida dos habitantes, que redundou na estabilización da poboación local grazas ao descenso do desemprego, a mellora na dotación de servizos, e o aumento do orzamento municipal, e na promoción dunha sólida participación dos veciños na toma de decisións e xestión da vida pública municipal.

Actualmente, o municipio sitúase no número 59 entre os que presentan unha maior renda bruta media en Galicia.

En definitiva, obsérvase que se produciu un reposicionamento socioeconómico e cultural no contexto territorial, grazas a, entre outros factores, a protección e promoción dos valores máis significativos do seu patrimonio e ao fomento da participación cidadá.

6.6 ESTRUCTURA URBANA

6.6.1 Comunicacions, tráfico e mobilidade

A circunvalación do Casco séguese a facer pola rúa Pardo Bazán -vella estrada de Castela- e a Barreira; as pontes de San Isidro e Vilanova seguen a ser pezas importantísimas para acceder e saír do C.H. e, mesmo, para a comunicación entre diversas zonas do Casco. Asemade, os eixos Portelo-Castelao, Hospital-Cruz-Vilanova ou Hospital-Cruz-Cárcel-San Estevo, aínda se configuran como antano, constituíndo pezas básicas da comunicación interna do Casco.

A apertura da variante da N-525 levou ao tráfico de paso fora da vila ao substituír o trazado que baixaba polas Picotas e Nanín ata a vila, seguindo polo Piñeiro, Orraca e Gundiás a Taboadeia, deixando Boa Madre á dereita. A construción da variante uniu A Padela con Gundiás pasando por Agüín e O Mato, construíndo unha nova ponte sobre do Arnoia, logo de ter cruzado a

estrada de Xunqueira.

O novo trazado, pouco afortunado, alonxou á vila das comunicacións e provocou o desprazamento cara á nova estrada de certos usos (hostalería, hoteis, algún comercio, gasoleiras, artesanía e mesmo vivenda unifamiliar).

O interior do ámbito do PECHA pode considerarse, en termos de mobilidade, como non motorizado, ou de mobilidade preferente peonil. A extensa peatonalización do casco e as diversas sendas, camiños fluviais e espazos libres proporcionan unha boa cobertura na mobilidade camiñando. A mobilidade motorizada efectúase a través dun viario perimetral na parte suroeste, sur e sueste. Este viario está formado polas estradas OU-320 e OU-0152 que se intersectan nun punto, polo que a optimización no funcionamento da mesma é factor clave para que non se colapse o viario.

Ademais destes viarios, o PXOM contén na súa redacción un viario que pechará a variante de Allariz, unindo a rúa Arqueta coa Estrada da Xunqueira, sempre relevante na mobilidade motorizada.

Respecto da mobilidade alternativa, o ámbito do PECHA conta cunha excelente oferta de mobilidade peonil, debido a súa extensa peatonalización ou zonas de mobilidade preferente para peóns. Na parte máis exterior do ámbito do PECHA conta con grandes espazos libres con camiños de terra ou en estado natural. Porén, non é tan boa opción para a mobilidade ciclista. Aínda que certamente as vías de mobilidade non motorizada representan unha vía de mobilidade ciclista, capaz de moverse en calquera viario, a libre organización de ambos tráfico non é unha das situacións máis recomendables nos presentes tempos polos seguintes motivos, e para o caso expreso de Allariz:

- O carácter de conxunto histórico de Allariz, leva a que moitas das rúas contén nalgún punto con empedrado de grandes pedras a distintos niveis, escaleiras ou cambios de alturas. Estes puntos son infranqueables para a mobilidade ciclista.
- Por outra banda, a concentración de mobilidade ciclista nas rúas con posibilidades, provoca, debido ao incremento no uso deste medio, unha situación perigosa para os peóns se non se organiza axeitadamente, debido ás altas diferencias nas velocidades relativas.

6.6.2 Infraestruturas de servizos urbanísticos

Todo o ámbito do PECHA conta con rede de abastecemento de auga en boas condicións de subministro. Segundo os datos da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais da Deputación de Ourense (en diante EIEL), a rede de abastecemento conta cun colector que discorre preto de 700m polo interior do PECHA, pasando por Rúa Vilanova e pola Rúa Emilia Pardo Bazán. Pola súa banda, a rede de distribución conta cunha extensión de 4.250 m.l. e abarca a maior parte do Casco Histórico. Tal e como se reflicte no plano de información, unicamente carecen deste servizo, aquelas rúas nas que non existe edificacións destinadas a usos principais, tales como Camiño do Cemiterio, Camiño do Castelo ou Camiño Socastelo. Asemade, existen zonas nas que as edificacións dan fronte a dúas rúas e que polo tanto, só unha delas conta con abastecemento. Deste xeito, carecen tamén de servizo de

abastecemento a Rúa Nova e a Rúa Oliveira.

Respecto a rede de saneamento, aínda que os datos da EIEL unicamente revelan a existencia de dous colectores principais nas marxes do río Arnoia que levan ata a estación depuradora situada augas abaixo da vila, e o trazado da rede de saneamento sobre a rúa Emilia Pardo Bazán, Pepe Puga e Estrada de Xunqueira cara ao Camiño Aceñas, a realidade física é ben distinta, pois a rede de saneamento do Casco Histórico é tan extensa como a de abastecemento, e unicamente carecen do servizo as zonas entorno ao Monte do Castelo sen edificacións principais.

A EIEL revelan os puntos onde existen iluminación pública, e por tanto, enerxía eléctrica. Todo o Casco Histórico dispón deste servizo mais nos últimos anos estiveron a realizarse numerosas actuacións de mellora e integración do servizo no Casco Histórico, soterrando o cabreado aéreo ou apegándoo ás fachadas, eliminando cruces no tendido existente, así como numerosos postes que provocaban fortes impactos na escena urbana.

No tocante á iluminación pública no interior do Casco Histórico, identificáronse un total de 226 puntos de luz, o que representa una media de 1 punto de luz por cada 25-30 metros de rúa.

O Casco Histórico conta na súa totalidade con redes de comunicacións electrónicas por cable, logo de diversas actuacións para acadar a total desaparición das antenas das cubertas. Debe terse en conta, que o miradoiro principal do ámbito, o Monte do Castelo, proporciona unha imaxe do Casco Histórico focalizada nas súas cubertas, e por tanto estas, deben ser consideradas como unha fachada máis.

Respecto dos resíduos sólidos urbanos, todo o ámbito conta con puntos de recollida selectiva, e mesmo con zonas de compostaxe comunitario perfectamente integrados no entorno

6.6.3 Dotacións de espazos libres

A oferta de Allariz no tocante a espazos libres e zonas verdes é excelente. Os grandes espazos libres constitutivos do sistema xeral sitúanse no interior do PECHA. Destaca pola extensión de máis de 1,5 Has o Monte do Castelo, se ben debido á súa abrupta topografía, é a dotación da que menos uso fai a poboación. Séguelle en orde decrecente, area recreativa de Vilanova, centro neurálxico do lecer e esparexemento, e o Campo da Feira "A Barreira", a cotío empregado como aparcadoiro. O Parque de Portovello e A Alameda complementarios da área recreativa de Vilanova, superan a hectárea de superficie.

A superficie total de espazos libres e zonas verdes de 72.833 m², representa un estándar actual de 87 m² por cada 100 m² edificados. Pode verse tamén o elevado grado de mantemento destes espazos, que unicamente precisan mellorar no entorno do Castelo e na pavimentación de A Barreira.

6.6.4 Dotacións de equipamento

As necesidades de equipamento dentro do ámbito do PECHA atópanse máis que cumpridas coas dotacións actuais, que dan resposta a usos sanitario-asistenciais, deportivos, educativos, culturais, de servizos públicos, relixiosos e de relación social. De entre todos eles, destaca por envergadura o Convento de Santa Clara, seguido do espazo ocupado polo IES de Allariz e do

Fogar dos Maiores, excelente exemplo de intervención no interior do quinteiro. Cara ao norte, destaca a presenza das piscinas municipais a carón da Igrexa de Santa María de Vilanova e do cemiterio municipal, cuxa ampliación foi xa contemplada no PXOM.

O sistema xeral de equipamento acada un total de 19.365 m², o sistema local os 2.703 m² e que estes se ven reforzados por 33.761 m² de dotacións privadas de equipamento, non é desmesurado afirmar que o Casco Histórico de Allariz ten, e aínda terá un nivel de dotacións equipamentais de primeira magnitude.

A superficie total de equipamentos públicos de 22.068 m² representa un estándar actual de 27 m² por cada 100 m² edificadas. Debe destacarse tamén o elevado grado de mantemento destes espazos, que unicamente precisan mellorar nas edificacións existentes en Aceñas.

6.6.5 Edificacións

A edificación do C.H. de Allariz é, sen lugar dúbidas o seu elemento máis significativo.

Logo da realización dunha cartografía a escala 1:500 para a elaboración do presente PECHA; pode concluírse que, do total superficial do C.H. -29,6 Has, só 27 Ha constitúen o que, en sentido estrito poderíamos chamar espazo urbano. Deses, aproximadamente 270.000 m² de espazo plenamente urbano, o que son propiamente parcelas privadas, ou sexa non afectas a espazos libres, equipamentos, nin a viario, nin a elementos naturais, -coma o río-, etc., ocupan unha superficie de 99.882 m². E dentro destes, a edificación de todo tipo, ocupa en planta unha superficie de 76.088 m², dos que 67.889 m² constitúen a edificación que decote coñecemos como principal (vivenda, comercio, artesanía, servizos, equipamentos, etc.); e 8.199 m² corresponden á edificación que soemos chamar secundaria (hórreos, alpendres, adegas, cortes, cortellos, garaxes, etc. etc.).

A superficie total construída para os usos principais acada os 80.480 m² o cal representa unha media, aproximada, de 1,18 plantas por edificación e unha edificabilidade de 0,806 m²/m², se a referimos ao total da superficie das parcelas privadas; de 0,346 m²/m², se o referimos ao espazo urbano en sentido estrito; e de 0,274 m²/m² se a referimos ao total do ámbito delimitado no presente Plan Especial.

Das 578 edificacións dedicadas a usos principais -ocupadas e baleiras- 16 teñen unha soa planta (a baixa); 286 teñen dúas (baixa e primeiro andar ou baixa e soto), 236 teñen tres (algunha delas con sotos), 32 teñen 4 plantas, catro teñen cinco plantas e outras catro contan con seis plantas. Por tanto, a maioría das edificacións -49 %- correspóndense con edificacións de dúas plantas.

7 EFECTOS AMBIENTAIS PREVISIBLES

A continuación descríbense os efectos previstos sobre as variables ambientais afectadas polo desenvolvemento do PECHA. Neste aspecto debe terse en conta o carácter estratéxico deste tipo de avaliacións fronte ao carácter máis específico da avaliación ambiental de proxectos.

7.1 PAISAXE

O plan, dende a súa orixe, ten como obxectivo a mellora, conservación e posta en valor da paisaxe do ámbito. Por tanto, as actuacións propostas están encamiñadas directamente ou indirectamente a crear un espazo de calidade paisaxística e todas as actuacións incluídas no PECHA xeran un efecto positivo sobre esta variable.

De conformidade co disposto no artigo 35.1 do Regulamento da Lei 7/2008 o PECHA realiza un estudo da paisaxe e de acordo co artigo 36.1 do Regulamento da Lei 7/2008, incorpora un estudo da paisaxe urbana, elaborado de acordo co que sinalan os restantes puntos do citado artigo 36.

Polo tanto, considerase que os efectos globais sobre a paisaxe serán positivos, toda vez que a proposta inclúe entre os seus obxectivos unha mellora da paisaxe urbana, con actuacións encamiñadas a crear un espazo de calidade paisaxística e unha ordenación e normativa orientadas a recuperar o patrimonio e a imaxe identitaria do conxunto histórico, á vez que se establecerán medidas para eliminar elementos e usos que distorsionan a paisaxe.

7.2 PATRIMONIO NATURAL

A ordenación proposta polo PECHA ten como entre as súas principais liñas de acción a rexeneración ambiental e paisaxística do conxunto histórico mediante o establecemento da regulación de usos, dotacións, zonas verdes, etc.

Non se agardan efectos negativos sobre o patrimonio natural xa que a área afectada polo plan está xa urbanizada e as actuacións de rehabilitación e rexeneración urbana previstas non incidirán negativamente nos valores ecolóxicos existentes.

7.3 PATRIMONIO CULTURAL

O PECHA elabora un catálogo dos elementos da arquitectura e do territorio, tipificando e regulando as condicións para a súa aplicación en novas construcións ou intervencións existentes.

O Plan incluírá unha análise pormenorizada das edificacións, espazos públicos e elementos urbanos nos que concorran valores arquitectónicos e/ou históricos, establecendo os graos de protección conforme ao establecido na lexislación vixente.

O PECHA propón o desenvolvemento dun plan especial de protección da zona do Castelo para a súa recuperación, conservación e posta en valor.

As medidas establecidas na normativa do PECHA sobre o patrimonio cultural, regularán as intervencións sobre o mesmo e asegurarán a conservación e recuperación dos valores estéticos e paisaxísticos deste elementos.

Os efectos agardados sobre esta variable son positivos dado que as determinacións do plan están encamiñadas á recuperación e posta en valor dos elementos identitarios do patrimonio cultural.

7.4 OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Non se agardan efectos relevantes no tocante á ocupación do solo, toda vez que o plan actúa sobre un ámbito xa transformado e fundamentalmente urbano.

A ordenación proposta nos planos de ordenación prevé a construción de 13 novas edificacións. Estes novos volumes incrementarían os 67.889 m² de ocupación pola edificación principal (vivenda, comercio, artesanía, servizos, equipamentos, etc.) ata os 69.562 m² e a superficie total construída de usos principais acada pasaría de 80.480 m² ascendería a ata os 83.969 m², ao contemplar edificacións na súa maioría de 2 plantas. Por tanto, resultaría unha edificabilidade de 0,841 m²/m², se a referimos ao total da superficie das parcelas privadas; de 0,361 m²/m², se o referimos ao espazo urbano en sentido estrito; e de 0,286 m²/m² se a referimos ao total do ámbito delimitado no presente Plan Especial.

O PECHA prevé a obtención por expropiación da dotación múltiple no Campo dos Brancos e do Museo do río Arnoia en Acea Rica para a súa incorporación ao sistema xeral de equipamento.

Co mesmo obxectivo, prevese a obtención do único espazo libre a obter, correspondente coas hortas en desuso situadas ao sur do Camiño Socastelo

Con ambas actuacións no referente a dotacións mellórase o estándar por habitante, contribuíndo polo tanto a mellora da calidade de vida da poboación.

As principais actuacións previstas polo PECHA como a limitación do tráfico, restauración das áreas degradadas, regulación de usos, distribución dos espazos libres inciden positivamente nesta variable aportando parámetros de ocupación e solucións de implantación mais compatibles coas capacidade de carga e valores culturais e ambientais existentes.

Establécense estratexias de rehabilitación e integración do tecido existente, co obxectivo de dotar de conectividade o territorio mellorando a calidade ambiental e paisaxística do tecido urbano sen propiciar novas ocupacións do territorio.

7.5 CICLO HÍDRICO

En todo caso, o desenvolvemento do PECHA presenta un efecto positivo sobre o ciclo hídrico favorecendo a drenaxe do terreo e a xestión eficiente do recurso, ao establecer medidas tendentes ao aforro de auga.

O PECHA atenderá ás limitacións aos usos na zona de fluxo preferente do río Arnoia.

7.6 SOCIEDADE E ECONOMÍA

Agardase un efecto positivo respecto ao medio socioeconómico grazas á rehabilitación e posta en valor do conxunto histórico. Ese efecto pode actuar como dinamizador da actividade económica de modo indirecto sobre o sector servizos, turismo, comercio, etc...

A participación cidadá queda incorporada ao propio proceso de plan a través da súa tramitación e as diferentes exposicións públicas.

7.7 ENERXÍA

Non se agarda que o desenvolvemento do PECHA supoña un incremento do consumo enerxético. As medidas previstas na normativa estarán orientadas ao emprego de sistemas de iluminación exterior de alta eficiencia enerxética que reduzan o consumo deste recurso e a contaminación lumínica.

7.8 ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

A ordenación proposta, coa reordenación do tráfico, implementación dos aparcadoiros, e os itinerarios peonís, contribúe a reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro e de contaminantes.

As medidas previstas na normativa estarán orientadas a reducir as posibles molestias por ruído as vivendas.

Non se prevén efectos negativos sobre os factores climáticos dado o obxectivo do PECHA. En todo caso as medidas previstas polo plan contribúen a facer ao ámbito máis resiliente a fenómenos climáticos extremos.

7.9 MOBILIDADE

A proposta considera de xeito conxunto o deseño dos itinerarios de mobilidade, garantindo a conexión e accesibilidade da poboación aos usos previstos e fomenta o uso de medios alternativos ao vehículo privado motorizado para os que se prevén espazos de estacionamento especializado.

7.10 CICLO DE MATERIAIS

O plan incorpora determinacións para reducir o consumo de materiais, a súa reciclaxe minimizar a xeración de residuos e garantir a súa axeitada xestión. Entre as medidas a considerar trátase de reducir a impermeabilización do solo, promover o emprego de materiais locais, reciclados ou reciclables, etc.

8 EFFECTOS PREVISIBLES SOBRE PLANS SECTORIAIS E TERRITORIAIS AFECTADOS

8.1 DIRECTRICES DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO

Segundo as Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) o núcleo de Allariz constitúe un dos 26 Nodos para o equilibrio do territorio distribuídos por todo o territorio capaces de acoller funcións urbanas básicas, garantir o acceso da poboación rural aos servizos que a sociedade actual require e para proporcionar unha estrutura de poboamento viable, xestionar o territorio e aproveitar as oportunidades existentes nel. Estes Nodos pechan a xerarquía de asentamentos con influencia supramunicipal.

Entre as liñas de acción que establecen as DOT para estes Nodos destacan as seguintes:

- Mellora das infraestruturas de comunicación, aumentando a accesibilidade dos nodos para o equilibrio do territorio, facilitando os desprazamentos entre eles e a súa

conexión cos elementos superiores do sistema de asentamentos.

- Mellora dos equipamentos e dotacións, aumentando a súa variedade e, sobre todo, elevando os niveis de servizo co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade.
- Potenciación das súas infraestruturas de telecomunicación como factor esencial para a xeración de novas actividades e de redución das desvantaxes derivadas dunha posición relativamente afastada dos principais centros urbanos.
- Accións de mellora urbana que incidan na imaxe dos núcleos, a oferta residencial de calidade, a valorización dos atractivos naturais e patrimoniais e na preparación de espazos de actividade adaptados ás necesidades de cada ámbito para lograr así un aproveitamento máximo das oportunidades de desenvolvemento existentes.
- Deseño de iniciativas territoriais orientadas a potenciar modelos de desenvolvemento endógeno que permitan a diversificación e ampliación da base produtiva, introducindo novas actividades que xeren empregos de calidade, especialmente aqueles vencellados aos recursos do territorio. Neste senso cómpre destacar a necesidade de favorecer a concentración e axeitado dimensionamento das industrias da madeira, potenciando desde as Administracións públicas unha maior competitividade e equilibrio que induza ao desenvolvemento da cadea da madeira no seu conxunto, fomentando a cooperación interempresarial e a dispoñibilidade de infraestruturas comúns.
- Potenciación das sinerxías con espazos máis dinámicos e a valorización das iniciativas e oportunidades locais para superar estrangulamentos inducidos polo illamento e pola falta de capacidade para acceder á información e aos mercados de bens, servizos e capitais exteriores.
- Determinación das áreas ou elementos que, polos seus valores e funcións ambientais (incluíndo os culturais), deban ser obxecto de protección, procurando a correcta integración no conxunto das áreas estratéxicas de conservación e no conxunto de ámbitos de interese do patrimonio cultural. Procurarase a formación de corredores ecolóxicos e prestarase especial atención aos espazos naturais e aos elementos do patrimonio cultural.
- Fixación dos usos do solo e o equilibrio entre as distintas partes do territorio, baixo a perspectiva da súa sostibilidade, baseándose para iso na "capacidade de carga" entendida como a aptitude dun territorio para soportar un nivel de intensidade de usos sen que, en ningún caso, se produza un proceso de deterioración ambiental, social ou cultural.
- Establecemento de medidas ou normas de coordinación precisas para que as determinacións dos instrumentos de planeamento urbanístico municipal sexan coherentes entre si, tanto no relativo á clasificación do solo como na previsión de redes de infraestruturas e servizos, equipamentos, e na localización de novos desenvolvementos residenciais, industriais ou terciarios, así como nas respectivas

estratexias de protección ambiental e conformación de redes de espazos verdes e libres.

- Definición de medidas de mellora do metabolismo urbano co obxectivo de reducir a pegada ecolóxica destes ámbitos e incrementar a súa sostibilidade.
- Estimación das necesidades de reserva de solo para vivenda sometida a algún réxime de protección pública.

A ordenación proposta para o ámbito do PECHA resulta congruente coas DOT xa que incorpora a mellora da mobilidade, o incremento e mellora dos equipamentos e dotacións, co fin de proporcionar unha oferta de calidade, adecuada ás necesidades da poboación e con capacidade para aumentar o atractivo destes núcleos como centros de residencia e actividade, a integración das redes telecomunicación como factor esencial.

Propón asemade actuacións de mellora da imaxe do núcleo e a valorización dos atractivos naturais como o río ou o Castelo e tamén dos elementos patrimoniais, propoñendo un modelo de ordenación que respecte a base produtiva dos terreos agrarios situados ao norte do ámbito, o que se regulará a través da normativa urbanística do PECHA.

A ordenación proposta garante a conservación ambiental, social e cultural, mantendo a mobilidade motorizada afastada do Casco Antigo, tendo en conta a dotación de espazos de aparcadoiro situados na periferia. Esta medida contribúe asemade a non sobrepasar a "capacidade de carga" do ámbito.

8.2 PLAN BÁSICO AUTONÓMICO

O Plan Básico Autonómico (PBA) é un instrumento de planeamento urbanístico que ten por obxecto delimitar, no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, as afeccións derivadas da lexislación sectorial e identificar os asentamentos de poboación existentes; así mesmo, establece unha regulación de carácter xeral dos diferentes usos do solo e da edificación.

As determinacións contidas no Plan básico autonómico son as seguintes:

- Relación cos instrumentos de ordenación do territorio.
- Determinación das afeccións derivadas das lexislacións sectoriais sobre o territorio.
- Identificación dos asentamentos de poboación existentes.
- Regulación dos usos do solo e da edificación.
- No caso de Allariz, por tratarse dun concello con plan xeral de ordenación municipal vixente, o Plan básico autonómico ten carácter complementario deste, sendo de aplicación unicamente para suplir as posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente, sen que en ningún caso se poida modificar a clasificación do solo nin alterar as determinacións do planeamento que complementa.

8.3 DIRECTRICES E CATÁLOGO DAS PAISAXES DE GALICIA

As Directrices da Paisaxe de Galicia (DPG), aprobadas mediante o Decreto 238/2020, do 29 de

decembro, xorden a partir do Artigo 10º da Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia có fin de precisar os Obxectivos de Calidade Paisaxística para cada unidade da paisaxe, así como as medidas, indicadores, normas e recomendacións necesarios para acadalos.

Os obxectivos xerais fixados polas DPG relacionados co PECHA son fundamentalmente:

“OX.8. Unhas paisaxes urbanas ben dimensionadas, nas cales os materiais e volumes se adaptan á paisaxe da contorna e nas cales se procure a compactidade fronte á dispersión.”

“OX.10. Unhas paisaxes vinculadas a valores patrimoniais que poñan de manifesto a relevancia histórica, simbólica e identitaria dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais.”

Os Obxectivos de Calidade Paisaxística fixados para elementos caracterizadores da paisaxe, neste caso elementos do patrimonio cultural material son os seguintes:

“– Un patrimonio cultural protexido, respectado e integrado nas escenas paisaxísticas en que se asenta, atendendo á súa relación con outros elementos configuradores da matriz paisaxística e na procura dunha correcta xestión ou recuperación no caso de ser preciso.

– Un patrimonio material reflexo das interaccións pasadas entre o ser humano e o territorio, expresión territorial das condicións socioeconómicas dos diversos períodos históricos e posto en valor a través do seu estudo e divulgación.

– Uns elementos do patrimonio material identificados como configuradores da paisaxe, compatibilizando a súa presenza coa doutros valores estéticos, naturais e produtivos.”

No caso dos elementos do patrimonio cultural inmaterial as DPG fixan os seguintes obxectivos:

“– Un patrimonio inmaterial (arte, literatura, pintura, toponimia, etnoloxía, etnografía, etc.) inventariado e catalogado para determinar a súa influencia como configurador do territorio e posto en valor como elemento integrante da paisaxe, mediante a súa preservación, xestión e recuperación.”

Para as Sendas, Camiño de Santiago e vías históricas e tradicionais se fixan os seguintes obxectivos:

“– Unha matriz paisaxística na contorna dos Camiños de Santiago ben conservada mediante a protección de todos aqueles elementos que constitúen a paisaxe cultural que conforma o Camiño de Santiago e a minimización das afeccións ás liñas estruturais da paisaxe vinculada ao camiño: elementos lineais (peches tradicionais, sebes, arborados, etc.), sistema viario adxacente, cursos de auga, modelo parcelario e sistema de cultivos, valores ambientais, fisiografía e relevo, infraestruturas, núcleos de poboación e patrimonio material e inmaterial.

– Unha rede de camiños, carreiros e vías históricas (vías romanas, camiño reais, camiños de arrieiros, camiños de misa, vías pecuarias, etc.) que conserven as súas características primixenias e postos en valor como articuladores históricos do territorio fomentando o coñecemento das trazas, as lendas, as tradicións e as prácticas vinculadas a eles.”

O Catálogo das paisaxes de Galicia foi aprobado polo Decreto 119/2016, do 28 de xullo (DOG núm. 160, do 25 de agosto). Este Catálogo sitúa ao ámbito do PECHA na Grande Área Paisaxística (GAP) que forma as Chairas, Fosas e Serras Ourensás. As DPG fixan como obxectivos

de calidade xenéricos os seguintes relacionados co ámbito do PECHA:

"9B_4. Uns espazos urbanos xestionados mediante instrumentos que conduzan á súa compactidade e integración paisaxística.

10B_4. Uns conxuntos históricos cunha estrutura e elementos característicos ben xestionados e planificados, nos cales se desenvolva unha variedade de usos que favoreza a súa conservación e habitabilidade."

Para a unidade paisaxística de Chairas e Vales interiores á que pertence o ámbito do PECHA, segundo o Catálogo das Paisaxes de Galicia, as DPG fixan os seguintes obxectivos:

"Unidades de paisaxe con tipo de paisaxe: urbano en chairas e vales interiores.

9B_2_1. Uns núcleos urbanos ordenados, nos cales se promova a compactidade do núcleo, a diversidade de usos compatibles co residencial e a ordenación dos valores paisaxísticos como os elementos construídos con valor histórico, cultural ou patrimonial. Buscarase a integración das edificacións contemporáneas cos valores propios do núcleo e a creación de zonas de transición coa contorna agrícola e natural axeitadas.

9B_4_2. Unhas urbanizacións xestionadas adecuadamente, con crecementos proporcionados, de escala axeitada ao territorio sobre o cal se insiren, e mantidas e xestionadas con criterios de mellora paisaxística.

Unidades de paisaxe con tipo de paisaxe: conxunto histórico en chairas e vales interiores.

10B_4_1. Conxuntos históricos xestionados con criterios de mantemento da estrutura e dos elementos orixinais, priorizando a recuperación das edificacións existentes fronte a novas construcións e cunha vertebración a través dos espazos públicos. Uns espazos urbanos vivos, habitados e con diversidade de usos."

Entre as Directrices para o planeamento urbanístico as DPG establecen as seguintes:

"DX.01. (N) En virtude do mandato que expresa o artigo 5.2 da Lei 7/2008, o planeamento urbanístico debe tomar en consideración a paisaxe para establecer as súas determinacións.

DX.03. (N) Os restantes instrumentos de planeamento urbanístico (en relación a aqueles que non sexan un plan xeral) estudarán a paisaxe seguindo o criterio de proporcionalidade, é dicir, axustarán o seu nivel de alcance á súa natureza e ao potencial impacto paisaxístico que poidan xerar.

DX.05. (N) A ordenación urbanística guíase polas normas e recomendacións establecidas nos restantes puntos destas directrices."

Ademais o PECHA considerará as directrices e criterios establecidos na DX06 para o solo urbano.

Os obxectivos e determinacións que establece o PECHA resultan coherentes cos establecidos nas DPG en tanto que contribúen a unha mellora e protección ambiental e paisaxística do ámbito.

8.4 PLANEAMENTO VIXENTE

A delimitación do ámbito foi establecida polas Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas en 1994 e foi obxecto dun Plan Especial para a protección e reforma interior do centro histórico de Allariz e para o de Santa Mariña de Augas Santas previsto en ditas normas (PECHA).

O PECHA foi aprobado inicialmente en data 19 de xaneiro de 1995 e sometido a información pública, sendo aprobado definitivamente en sesión da Comisión Provincial de Urbanismo do 9 de maio de 1995.

Posteriormente, no ano 2003 aprobouse definitivamente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Allariz (PXOM) que, mantendo os principais obxectivos marcados polas Normas configurouse para corrixir as carencias detectadas tras o desenvolvemento das Normas e poder adaptalo ás novas necesidades do municipio que permiten seguir impulsando o desenvolvemento económico e manter os criterios de sostibilidade que tan bos resultados estaban dando.

O PXOM establece unha serie de criterios xerais de ordenación relativos ás infraestruturas de comunicacións (nos que se prevén solucións de circunvalacións ou incorporación de carril bici), a infraestruturas de servizos (onde se considera o mantemento das redes existentes), os equipamentos (nos que se prevén novas dotacións ou ampliación das existentes –tal é o caso do cemiterio municipal-), e aos espazos libres e zonas verdes.

O PECHA incorpora as determinacións contidas en ambos plans. O documento respecta estas determinacións e propón o reaxuste do ámbito nos termos citados en anteriores apartados, considerando que ditos reaxustes contribúen a mellorar a conexión do Casco Antigo coa trama urbana circundante.

8.5 PLAN DE RECUPERACIÓN DO SAPOCONCHO COMÚN EN GALICIA (EMYS ORBICULARIS L)

Segundo o Decreto 70/2013, do 25 de abril, polo que se aproba o Plan de recuperación do sapoconcho común en Galicia, o ámbito do PECHA inclúese como área de distribución potencial do sapoconcho común (*Emys orbicularis* L.). Segundo o artigo 6.2 do citado Decreto, nesta zona as masas de auga lénticas e zonas húmidas, así como as súas correspondentes zonas de policía deben ser consideradas como áreas de distribución potencial desta especie.

Resulta pouco probable a presenza desta especie no ámbito dadas as características do seu hábitats. Porén, o PECHA ten en conta as características do hábitat preferente para esta especie e en caso de ser necesario establecerá as medidas necesarias para garantir a conservación da especie.

8.6 PLAN HIDROLÓXICO

Nas inmediacións do río Arnoia resultan de aplicación as limitacións ás que se refire a lexislación vixente en materia de augas, así como a normativa da conca correspondente.

O PECHA ten en conta a consideración do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica do Miño-Sil aprobado mediante Real Decreto 1/2016, do 8 de xaneiro e as establecidas no

Plan de Xestión de Riscos de Inundación de 1º e 2º Ciclo da parte española da Demarcación ao

atoparse as ribeiras do río Arnoia dentro da zona de fluxo preferente e identificadas como ARPSIs.

9 MOTIVACIÓN DA APLICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

A Avaliación Ambiental Estratéxica é unha ferramenta de xestión que permite a integración de criterios de sostibilidade nos procesos de elaboración de políticas, plans e programas co obxectivo de garantir un desenvolvemento que permita afrontar os grandes retos da sustentabilidade como o uso racional dos recursos naturais, a prevención e redución da contaminación, a innovación tecnolóxica e a cohesión social, á vez que fomenta a transparencia e a participación cidadá.

Trátase dun instrumento plenamente consolidado que acompaña ao desenvolvemento e cuxo procedemento atopase regulado pola Lei 21/2013 de 9 de decembro, de avaliación ambiental, modificada pola Lei 9/2018, de 5 de decembro, polo Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e polo Real Decreto-lei 23/2020, de 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e en outros ámbitos para a reactivación económica.

A Lei 21/2013, de 9 de decembro, distingue dous tipos de avaliación ambiental estratéxica:

- ORDINARIA. Cando con carácter xeral se presume que un plan terá efectos significativos sobre o medio e, polo tanto, debe ser avaliado antes da súa aprobación, adopción ou autorización.
- SIMPLIFICADA. Cando é necesario que o órgano ambiental determine se un plan ten efectos significativos sobre o medio, segundo os criterios establecidos no anexo V da citada Lei. Se conclúe que o plan ten efectos significativos sobre o medio deberá tramitarse o procedemento ordinario.

O artigo 6 da Lei 21/2013, ao igual que o artigo 46 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia (LSG), define o ámbito de aplicación da avaliación ambiental estratéxica determinando no seu punto 2 que serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada:

- "a) As modificacións menores dos instrumentos de plan mencionados no punto anterior.*
- b) Os plans de desenvolvemento, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión.*
- c) Os demais plans que, establecendo un marco para a autorización no futuro de proxectos, non encaixen nos supostos do punto anterior, tales como os plans básicos municipais."*

Atendendo ao establecido nos artigos citados, considérase que o PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO CASCO HISTÓRICO DE ALLARIZ (PECHA), promovido polo concello de Allariz, axústase aos supostos previstos para avaliación ambiental simplificada por canto trátase dunha figura de plan de desenvolvemento que establece o uso, a nivel municipal, dun ámbito de reducidas dimensións.

De conformidade co exposto elaborase o presente DOCUMENTO AMBIENTAL ESTRATÉXICO DO

PECHA que permite iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada descrito nos artigos 29 a 32 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.

O presente documento elaborase conforme o establecido no Art.29, punto 1 da Lei 21/2013, de avaliación ambiental , polo que o alcance do presente documento conterá ao menos, os seguintes datos:

"Artigo 29. Solicitud de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada

1. 1.Dentro do procedemento substantivo de adopción ou aprobación do plan ou programa , o promotor presentará ante o órgano substantivo , xunto ca documentación esixida pola lexislación sectorial , unha solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada , acompañada do borrador do plan ou programa e dun documento ambiental estratéxico que conterá , o menos, a seguinte información:

a. Os obxectivos da planificación.

b. O alcance e contido do plan proposto e das súas alternativas razoables, técnica e ambientalmente viables.

c. O desenvolvemento previsible do plan ou programa.

d. Unha caracterización da situación do medio ambiente antes do desenvolvemento do plan ou programa no ámbito do territorio afectado.

e. Os efectos ambientais previsibles e , se procede, a súa cuantificación.

f. Os efectos previsibles sobre os plans sectoriais e territoriais concorrentes.

g. A motivación da aplicación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada.

h. Un resumen dos motivos da selección das alternativas contempladas."

10 RESUMO DOS MOTIVOS DA SELECCIÓN DAS ALTERNATIVAS CONTEMPLADAS

Para alcanzar os obxectivos da planificación analizáronse varias opcións que se plasmaron en tres alternativas.

Valorouse como alternativa 0 o mantemento da situación actual, sen intervir no ámbito do PECHA, e comparase con dous escenarios posibles resultantes do desenvolvemento do plan especial (alternativa 1 e alternativa 2).

Respecto a alternativa 0, compre destacar que se teñen detectado unha serie de problemas derivados da aplicación do antigo PECHA. Por outra parte, segundo establece a Disposición transitoria quinta, da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia e a normativa aprobada nos últimos anos, o PECHA debe proceder a súa adaptación á mesma. Debido a súa traxectoria histórica, non cabe pensar que este ámbito do territorio de Allariz, pioneiro na ordenación dos seus valores, non teña un instrumento de planeamento que o regule axustado á realidade actual.

A revisión do PECHA constitúe unha aposta polo mantemento, conservación e construción de calidade. A alternativa 1 propón desenvolver un PECHA baseado no desenvolvemento das

determinacións específicas de protección establecidas na Lei 5/2016 do Patrimonio Cultural de Galicia en na Lei do Solo de Galicia. Esta alternativa recolle a ordenación de 288.451,20 m² seguindo a delimitación proposta polo antigo PECHA e polo PXOM.

A alternativa 2 propón un ámbito de ordenación resultado de aplicar o criterio de entender por Conxunto Histórico-Artístico non só o entorno específico dos bens que se relacionan no Decreto 1319/71, polo que se declara o Conxunto Histórico-Artístico de Allariz, senón tamén as zonas de borde e influencia desas entornas. Porén, co obxectivo de mellorar a transición entre a trama histórica e esas zonas de borde, procedeuse á incorporación ao ámbito da Pasarela Noria (que comunica Torre Lombarda co co parque etnográfico), a Caseta do Camiñeiro e actual oficina de información, (antigo lugar onde se pagaba o imposto para acceder á vila), e a totalidade da rúa Aceñas ata a súa chegada a Acea Rica para poder executar a rehabilitación en toda a rúa.

Igualmente dada a realización dunha nova cartografía, mais actualizada e con mellores ferramentas se producen pequenos reaxustes do ámbito que finalmente abrangue unha superficie de 293.837,05 m² o que supón un incremento do 1% respecto á delimitación proposta pola alternativa 1.

Tendo en conta a valoración obtida para cada unha das alternativas analizadas, a alternativa 2 é a que logra un maior grado de eficacia na integración e desenvolvemento dos obxectivos pretendidos polo PECHA.

11 MEDIDAS PREVISTAS PARA PREVER, REDUCIR E CORRIXIR OS EFECTOS NEGATIVOS PREVISTOS

11.1 PAISAXE

- Estudo da paisaxe como elemento de diagnose para acadar os obxectivos pretendidos coa ordenación do ámbito.
- Ordenación dos escenarios cotiás, identificación e protección dos lugares de especial valor ou significación paisaxística e identificación de ámbitos que presenten un estado de deterioro ou degradación paisaxística, así como elementos que producen impactos paisaxísticos especialmente salientables.
- Nas ordenanzas reguladoras, estableceranse as condicións relativas a posición, dimensión, forma ou deseño de calquera tipo de edificacións ou construcións congruentes coas características da paisaxe.
- Nas ordenanzas reguladoras estableceranse solucións construtivas e materiais e cores obrigatorios, ou máis recomendables, segundo a tipoloxía da construción ou edificación, e congruentes coas características da arquitectura de cada zona. Para esta cuestión consultarase a Guía de cor e materiais da área paisaxística Chairas, Fosas e Serras Ourensás.
- Recuperación do Monte Castelo a través dun instrumento específico de protección.
- Terase en conta para a rehabilitación do Monte Castelo a Guía de boas prácticas para a identificación e acondicionamento de miradoiros publicada pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda.

- Establecer medidas de integración nos arredores da igrexa de San Bieito. Intervención sobre a traseira da Igrexa de San Bieito, e entre as vivendas de Vilanova e o alto do Castelo.
- Fomentarase a integración paisaxística dos percorridos urbanos existentes. Prestarase unha especial atención ao deseño de itinerarios peonís que permitan o disfrute dos espazos urbanos de maior calidade paisaxística.
- Incorporarase progresivamente arboredo autóctono nas rúas, paseos e viario urbano en xeral, empregando en cada caso as especies arbóreas propias da rexión bioclimática adecuadas para a anchura, orientación e tipoloxía da beirarrúa e da rúa.
- No deseño das zonas verdes públicas se aplicarán as técnicas máis recentes da arquitectura paisaxística. Procurarase deseñar uns espazos públicos e zonas verdes máis ecolóxicos e máis naturais, cun mantemento que requira un menor consumo de enerxía e auga.
- O PECHA regulará as condicións da publicidade, cartelería e sinalética, planificándoa e deseñándoa de maneira conxunta. Evitaranse os rótulos publicitarios de cores ou materiais rechamantes e no seu lugar empregaranse carteis de madeira ou materiais lixeiros e desmontables, de pequena dimensión e cun deseño coherente e respectuoso coa contorna.
- Se xeneralizarán as estratexias de ocultación dos contedores de residuos, que pola súa natureza non se poden modificar o seu deseño.
- O mobiliario urbano empregado nas zonas libres ademais de dar unha imaxe de conxunto, deberá integrarse de forma harmónica ca súa contorna, tendo en conta o carácter natural e rural do mesmo. Ademais se definirá a localización de ditos elementos para que dean unha imaxe de conxunto.
- Melloras de arboredo e pavimentado do Campo da Feira, de substitución de pavimento na Rúa Aceñas, a Carreira dos Caños, Rúa do Couto e Praza Doña Violante ou mellora do existente na Rúa Sur, así como de medidas de integración nos arredores da igrexa de San Bieito.

11.2 PATRIMONIO NATURAL

- Nas zonas verdes e espazos públicos empregaranse especies vexetais autóctonas, e plantaranse árbores nun número axeitado ao espazo no que se localicen e aos usos públicos previstos. Sempre que sexa posible conservarase o arborado autóctono e exemplares de gran porte. Nas zonas verdes se establecen preferentemente as seguintes especies:
- Prohíbese:
 - ✓ O uso de herbicidas nos espazos públicos (zonas verdes, aparcadoiros, viais, accesos, etc.).
 - ✓ A introdución de espécimes alóctonos de carácter invasor que poidan provocar

unha alteración apreciable sobre a estrutura, funcionamento e composición taxonómica do ecosistema hídrico.

11.3 PATRIMONIO CULTURAL

- Revisión e actualización de datos sobre os bens inventariados
- As actuacións de mellora que se realicen no monte Castelo estarán suxeitas a unha supervisión arqueolóxica.
- Elaborar un catálogo de elementos da arquitectura e do territorio, tipificando e regulando as condicións para a súa aplicación en novas construcións ou intervencións existentes.
- Promover medidas para a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico.

11.4 OCUPACIÓN DO TERRITORIO

- Acomodar o réxime de usos aos novos tempos solventando os problemas detectados: obrigas sobre accesos, número de prazas de aparcadoiro esixidas, cubertas, etc.
- Recuperar áreas degradadas no contorno do campo da Barreira
- Incrementar as dotacións de equipamento e espazos libres mediante a incorporación das hortas en desuso situadas ao sur do Camiño Socastelo e os equipamentos: Museo do Río Arnoia en Acea Rica e Dotacional múltiple no Campo dos Brancos.
- Establecer estratexias de rehabilitación e integración do tecido existente.
- Identificar os posibles riscos naturais e tecnolóxicos no ámbito de planeamento susceptibles de causar danos ás persoas, aos seus bens e/ou ao ambiente.

11.5 ENERXIA

- Aforro enerxético, a diversificación de fontes e o emprego de enerxías renovables serán actuacións preferentes nas obras de edificación e urbanización.
- Rehabilitación integral enerxética de equipamentos municipais e renovación das redes de servizos.
- A iluminación pública presentará luminarias de baixo consumo. Se restrinxirá a iluminación nas zonas máis sensibles ambientalmente, reducíndose aos viais, accesos e os espazos que por seguridade cidadá sexa necesario. A iluminación pública presentará un deseño que evite a contaminación lumínica e regularase a súa intensidade en relación as necesidades e a contorna, con este fin se establecerán os seguintes criterios establecidos polo "Comité Español de Iluminación.

11.6 CICLO HÍDRICO

- Estudar a cobertura da rede municipal de abastecemento e saneamento e analizar a

capacidade e calidade dos recursos hídricos para abastecemento e saneamento.

- Implantaranse técnicas de drenaxe urbano sostible, facilitando un retorno adecuado ao ciclo hídrico das cuncas fluviais.
- Establecer determinacións que contribúan á redución no consumo de auga no Conxunto Histórico (rego de zonas verdes, campañas de concienciación, etc)

11.7 ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

- Reordenación do tráfico rodado, zonificación de acceso a residentes e redución do límite de velocidade.
- Peonalización da Rúa Aceñas, Rúa Nova, Camiño do Cemiterio ou Traseira Socastelo.

11.8 MOBILIDADE

- Definir o trazado das aliñacións.
- Optimizar a funcionalidade da rede viaria existente
- Organización das rúas interiores para a convivencia de mobilidade alternativa e motorizada.
- Limitar o tráfico rodado, recuperar vías infrautilizadas e reordenar accesos.
- Diseñar unha rede de mobilidade sostible que garante a accesibilidade peonil en condicións de calidade e seguridade.
- Mellora da pavimentación dos seus accesos sobre a Rúa Nova, Camiño do Cemiterio ou Traseira Socastelo.
- Preparación das actuais sendas peonís para ser aptas para cicloturismo e converterse en sendas ciclables.
- Crear un carril bici entre a estación intermodal e as zonas mais afastadas como a piscina municipal e a praia fluvial.
- Creación de aparcabicycletas no seo da estación intermodal.
- Creación de prazas reservadas para car-pool cun control correcto no seu uso a través do ente municipal.
- Prazas para recarga de bicis eléctricas e/ou patinantes eléctricos.
- Entrada segregada para autobuses e bicicletas ou patinetes.

11.9 CICLO DE MATERIAIS

- Fomentaranse a realización de obras de rehabilitación
- Procurarase empregar materiais locais tradicionais na construción, materiais renovables ou que presenten un baixo consumo enerxético na súa fabricación, como pode ser pedra, madeiras con garantías de procedencia, cerámica, termo-arxila, illamentos naturais (cortizas, liño, fibras vexetais, celulosa, etc), plásticos ecolóxicos (PP,

PE, PB,...), vidro, etc.

- Evitaranse materiais que proceden de procesos produtivos con graves impactos ambientais ou que poidan provocar danos a saúde dos usuarios das futuras edificacións, como poden ser xesos a base de escouras industriais.
- Serán de aplicación as disposicións contidas na Lei 10/2008, de residuos de Galicia, no Plan de Residuos Urbanos de Galicia e solos Contaminados e no Plan de Xestión de Residuos Agrarios, así como nas Ordenanzas municipais no seu caso ou aqueles instrumentos de planificación que os substitúan.
- Fomentaranse técnicas construtivas que posibiliten a reciclaxe/desmontaxe, así como a coordinación coa regulamentación da produción e xestión de residuos de construción e demolición.

12 MEDIDAS PREVISTAS PARA O SEGUIMIENTO

De conformidade co establecido no artigo 29, apartado 1. j) da Lei 21/2013 que indica a necesidade de describir as medidas previstas para o seguimento ambiental do Plan, establecerase un plan de seguimento que permita coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre as mesmas, e por outra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos para cada variable propostos no PECHA.

A tal efecto, no presente apartado se inclúe unha proposta de indicadores para cada un das variables ambientais analizadas polo PECHA que permita realizar a devandita avaliación.

O promotor deberá remitir ao órgano substantivo un informe de seguimento en base ao establecido na declaración ambiental estratéxica ou no informe ambiental estratéxico, se así o determinan.

Recomendase que os Informes de Seguimento teñan unha periodicidade bianual nos catro primeiros anos tralo desenvolvemento e cuadrienal en adiante, agás que o organismo competente en materia medioambiental estime oportuna outra periodicidade.

A toma de datos dos indicadores de seguimento realizarase de xeito anual.

Os Informes do Plan de seguimento deberán contemplar os indicadores establecidos neste Informe, a eficacia das actuacións e, no seu caso, os novos problemas ambientais detectados.

CADRO Nº 9.- Indicadores de seguimento

VARIABLES E OBXECTIVOS	CRITERIOS
PAISAXE	
RESTAURACIÓN DE ESPAZOS ALTERADOS POLA ACTUACIÓN	
Unidade de medida	M2
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	Presenza de superficies restauradas tras as actuacións do PECHA

Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Incremento da superficie
PATRIMONIO NATURAL	
DENSIDADE DE ESPECIES ARBÓREAS PLANTADAS NAS ZONAS VERDES	
Unidade de medida	Exemplares por m2
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	Número de exemplares arborado plantados por metro cadrado
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Incremento
SUPERFICIE DE ZONA VERDE CREADA	
Unidade de medida	M2
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	Superficie de zonas verde e espazos libres creados respecto ao existente no ámbito antes da aprobación do PECHA
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	72.856 m². / Incremento da superficie
PATRIMONIO CULTURAL	
PROTECCIÓN E VIXILANCIA DO PATRIMONIO CULTURAL	
Unidade de medida	Elementos protexidos do patrimonio cultural. (Nº)
Fonte de datos	-
Método de cálculo	-
Actualización	-
Valor de referencia/Tendencia	Estado dos elementos existentes no ámbito / Mantemento ou incremento
POSTA EN VALOR DOS ELEMENTOS DO PATRIMONIO CULTURAL	
Unidade de medida	Existencia de actuacións, instalacións ou infraestruturas para uso público do ben patrimonial. (Nº)
Fonte de datos	-
Método de cálculo	-
Actualización	-
Valor de referencia/Tendencia	Estado dos elementos existentes no ámbito do PECHA/ Mantemento ou incremento
OCUPACIÓN DO TERRITORIO	
ACTUACIÓNS EXECUTADAS	
Unidade de medidas	Numero de actuacións realizadas
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	Nº
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Incremento

EDIFICACIÓNS REHABILITADAS	
Unidade de medidas	Numero de actuacións de rehabilitación realizadas
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	Numero de actuacións realizadas e sumatorio
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Incremento
CICLO HÍDRICO	
PERMEABILIDADE DO SOLO	
Unidade de medidas	Porcentaxe de pavimentos permeables en dotacións e zonas verdes, viario, etc./ superficie total do ámbito
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	Planimetría
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Aumento da superficie permeable
SOCIEDADE E ECONOMÍA	
CRECEMENTO VEXETATIVO	
Unidade de medidas	Número de habitantes residentes no ámbito do PECHA
Fonte de datos	Concello e poboación residente
Método de cálculo	Número
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Incremento ou mantemento
DISPOÑIBILIDADE DE ESPAZOS PÚBLICOS E ZONAS VERDES	
Unidade de medidas	Dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre
Fonte de datos	Concello e IGE
Método de cálculo	m ² /hab. m ² zonas verdes/Nº habitantes censados
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Incremento
DISPOÑIBILIDADE DE EQUIPAMENTOS	
Unidade de medidas	Dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio e desfrute da poboación
Fonte de datos	Concello e IGE
Método de cálculo	m ² /hab. m ² SX equipamento/Nº habitantes censados
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	-/ Incremento
ENERXIA	
CONSUMO ENEXÉTICO DO ALUMEADO PÚBLICO NO ÁMBITO	

Unidade de medidas	Kw/Ano
Fonte de datos	Concello, facturas de consumo enerxético
Método de cálculo	Sumatorio das facturas
Actualización	anual
Valor de referencia/Tendencia	Consumo actual/ Leve incremento
MOBILIDADE	
ESPAZOS LIBRES DE TRÁFICO RODADO	
Unidade de medidas	Espazos peonís
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	M2/habitantes
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	Incremento
MOBILIDADE ALTERNATIVA	
Unidade de medidas	Rúas ciclables e sendas ciclistas
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	m ²
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	Incremento
CICLO DE MATERIAIS	
CANTIDADE DE RESIDUOS XERADOS	
Unidade de medidas	m ³ e toneladas
Fonte de datos	Concello
Método de cálculo	Reconto de cantidades de residuos xeradas
Actualización	Anual
Valor de referencia/Tendencia	Plan de xestión de residuos/ Redución ou Mantemento

Asinan:



Alfonso Botana Castelo

Arquitecto



Beatriz García Becerra

Arquitecta



Paula Fernández Otero

Bióloga